OUTUBRO - 2021 Nº 6 WWW.SARRIAXA.COM EXEMPLAR GRATUÍTO

## As asociacións locais abren as inscricións para as actividades socioculturais

Co comezo de curso a actividade sociocultural na vila de Sarria reactívase. Os distintos colectivos que levan funcionanado xa toda unha vida na localidade, como Meigas e Trasgos, A Unión ou Peleriños, abriron prazos de inscrición para unha nova quenda de actividades para o curso. Ademais, tamén está aberto o prazo de inscrición para as escolas deportivas municipais tanto para nenos como para adultos, de hockei, defensa persoal, tiro con arco, baloncesto, fútbol sala, patinaxe, tenis e ximnasia rítmica. Ábrese tamén a piscina climatizada, pechada durante a pandemia. **Pax. 11 e 13**

# Aposta por integrar o tren

### O Concello de Láncara comprará os terreos e as vellas instalacións do tren para reformar a vila mentres ADIF adxudica a electrificación neste tramo



A Pobra de San Xiao integrará na súa estrutura de vila os terreos do ferrocarril que quedan en desuso. O Pleno aprobou un suplemento de crédito que permite esta compra que implica por unha parte reformar as instalacións e pola outra unha mellora importante nos accesos e conexións do centro urbano. Por outra banda, o Consello de Administración de ADIF autorizou a adxudicación do contrato para as obras de execución do proxecto construtivo de electrificación do tramo Monforte de Lemos-Lugo, por un importe de 17.249.580 euros e un prazo de 18 meses. **Pax. 11 e 13**


**sarria.** A residencia pasa a estar dentro da rede da Deputación. **Pax. 9**

**láncara.** As instalacións deportivas serán gratuítas para empadroados. **Pax. 12**

**páramo.** O Concello adquirirá maquinaria para diferentes traballos. **Pax. 13**

**paradela.** Presentado o anteproxecto do Plan de Mobilidade Sostible. **Pax. 13**

**samos.** Aprobada unha modificación de crédito para varias obras. **Pax. 16**

**o incio.** O embalse de Vilasouto xa é navegable, indica a CHMS. **Pax. 16**

**triacastela.** A vila, primeira parada da programación Toponimízate. **Pax. 17**


## Reportaxe: Sarria, berce de lutieres



Son varios os sarriaos coñecidos por este traballo. **Pax. 2-3**

## Convocado o premio Fiz Vergara




O prazo de presentación remata o día 23. **Pax. 6**

## Reinicio da Liga para o CB Sarria



Xabier López-Acevedo é o presidente do Club. **Pax. 22**

## Estreado o programa de viaxes Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro. Este plan é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución para a recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia. **Pax. 18**




# A FONDO

# Terra e berce de lutieres

**A comarca de Sarria foi un importante núcleo de artesáns que se dedicaban á construción de instrumentos. Así mesmo, na actualidade, son varios os sarriaos que destacan polos seus estudos, investigacións e proxectos en relación a este aspecto**

A música é unha manifestación cultural universal que naceu xunto co ser humano. Xunto a isto, atópanse os instrumentos, pezas que se levan construíndo dende fai moitísimos anos a través dun traballo artesanal dificultoso e preciso de experiencia.
Así pois, este é un oficio que naceu fai moitos anos. De feito, a data e a orixe do primeiro dispositivo considerado como instrumento musical está sometido a debate. O obxecto máis antigo que algúns refiren como instrumento musical, unha frauta simple, ten unha antigüidade de entre 42.000 e 43.000 anos. Sen embargo, determinar un tempo en concreto en esta cuestión é moi complicado debido á subxectividade que pode existir en torno ao concepto de instrumento musical.
De todas maneiras, o que está claro é que a existencia de instrumentos dende un primeiro momento é evidente. Ao principio, chegaron os instrumentos primitivos, empregados en rituais coma cerimonias relixiosas. De feito, un instrumento que se pode considerar primitivo son as cornas. Sen embargo, tamén hai que ter en conta que moitos dos instrumentos primitivos foron realizados con peles de animais, ósos, madeira e outros materiais, polo que se desintegran a medida que pasa o tempo e non queda constancia de que existiron.
Ademais, as culturas foron desenvolvendo diferentes melodías e instrumentos para o seu entretemento, algo que permite ver como evolucionaron os instrumentos musicais, en canto a emprego e aplicacións.
De feito, tamén hai que ter en conta que existe unha variedade musical importante grazas as diferentes culturas que se foron desenvolvendo ao longo do tempo. Non todos os lugares contaban cos mesmos materiais nin coa mesma experiencia, polo que os instrumentos e a cultura musical variaba duns lugares a outros.
Na actualidade, esta tradición artesá vive grazas a todas aquelas persoas que continúan realizando e perpetuando oficios populares que eran imprescindibles na provincia. Por outra parte, moitos dos artesáns emerxentes conseguiron renovar esta manifestación cultural a través de innovacións que engaden e que fan que exista unha unión entre o tradicional e o moderno.

**O sarriao Luciano Pérez continúa cos seus labores de recuperación de instrumentos musicais que caeron en desuso**

Unha das comarcas coñecidas pola construción de instrumentos en Galicia e, sobre todo, en Lugo, era a comarca de Sarria, na que existían moitas persoas dedicadas a este oficio. Esta comarca contou dende sempre cun bo escenario de lutieres que traballaban en instrumentos de diferentes estilos.
De feito, foi un artesán sarriao o que comezou con esta andaina no obradoiro de instrumentos que hai na Deputación de Lugo. Paulino Pérez, natural da aldea de Vilei, en Barbadelo foi o que deu inicio a unha iniciativa “pioneira en Europa” en canto a patrimonio musical. Actualmente, no Centro de Artesanía e Deseño existe unha sala na que se recrea o taller histórico fundado en 1951, coas ferramentas e útiles do propio Paulino Pérez unido aos diferentes traballos de investigación e formación de artesáns.
Posteriormente, o testigo pasou ao seu fillo, Xesús Pérez e, na actualidade, é Luciano Pérez quen dirixe a colección de instrumentos musicais, obxectos sonoros e arquivo documental, situada no Centro de Artesanía e Deseño -Centrad-. Esta colección conta con fondos procedentes da antiga sección de música do Museo Provincial de Lugo e fondos de produción propia que veñen a partir de proxectos de investigación e donacións, entre outras. Así mesmo, a colección tamén conta con fondos documentais e bibliográficos relacionados con este tema.
O sarriao Luciano Pérez continúa coas súas labores de recuperación de instrumentos musicais, e de instrumentos musicais que caeron en desuso. Así mesmo, leva a cabo diferentes investigacións, algo que plasma en exposicións na Centrad ou en exposicións itinerantes que van viaxando a lugares variados. De feito, na actualidade está a levar a cabo unha exposición sobre sete instrumentos construídos a partir de representacións escultóricas en lugares emblemáticos, denominada A memoria do son.
Xunto a eles, outro dos constru-



*Luciano Pérez traballando no seu taller*






*Zanfona*

tores e multiintrumentalista que conta con recoñecemento e que está a levar este tipo de labores e de reconstrucións por toda España e Europa é Abraham Cupeiro. O músico sarriao, comezou no mundo da música dende pequeno e conta con estudos relacionados que o fixeron avanzar pola senda de artesán. Así pois, él, ademais de construír, tamén toca estes instrumentos antigos en concertos únicos nos que está, en moitas ocasións, acompañado de orquestras ou outro tipo de grupos.

Por outro lado, tamén hai que ter en conta a situación da comarca de Sarria a nivel xeográfico. O paso do Camiño de Santiago é un aspecto de carácter importante neste tipo de cuestións xa que, ao fin e ao cabo, son moitas as culturas que pasan cada ano por esa zona. A transmisión de coñecementos e a unión de diferentes culturas fai posible que exista un crecemento importante que se pode ver reflexado en técnicas e variedades, neste caso, a nivel musical.

# A Memoria do Son

O estudo e investigación de instrumentos antigos é un aspecto que se leva realizando durante anos e que garda un interese histórico e cultural importante. Así pois, co fin de dar a coñecer e pór a disposición de todas aquelas persoas que o desexen, pezas únicas levadas a cabo a través de estudos e investigacións, Luciano Pérez, director da colección de instrumentos musicais, obxectos sonoros e arquivo documental, organizou a exposición A memoria do son.

Esta mostra, realizada con fondos instrumentais e do arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño -Centrad-, inclúe sete instrumentos que se empregaron dende o século XII ata finais do XIII, grazas aos cales se pode ampliar o coñecemento do patrimonio musical.

**O estudo e investigación de instrumentos antigos é un aspecto que se leva realizando durante anos e que garda un interese histórico importante**

Estes sete instrumentos, entre os que se atopa unha zanfona, unha viola de perna, unha viola de brazo, un organistro, unha cítula, unha xiga e unha rota, son instrumentos construídos a partir de representacións escultóricas en lugares emblemáticos, como é o Pórtico da Gloria ou o Pazo de Xelmírez. Ademais, tamén se realizou un traballo de recompilación importante doutras edificacións coma a igrexa de Portomarín ou San Estevo de Ribas do Miño. Neste traballo, de feito, ademais de estudar diferentes igrexas e mosteiros, tamén se fixo un estudo dos diferentes aspectos externos dos instrumentos musicais.

Ademais, hai que destacar un aspecto relevante da mostra e é que se pode tocar polos espectadores e polos visitantes un dos instrumentos expostos. Grazas a isto, todas aquelas persoas que o desexen poderán interpretar tres partituras do trobador galego Martín Códax. A orixe de Códax relaciónase con Vigo a causa das diferentes mencións que fai o trobador nos seus poemas, datados entre o século XIII e principios do século XIV. Sen embargo, son poucos os datos que existen sobre a identidade de dito personaxe.

Así pois, o instrumento que se pode tocar é un salterio, un instrumento de corda pulsada no que aparecen marcadas as creacións do trobador galego e que se pode interpretar grazas a unha púa. Este instrumento tamén pode ser de corda percutida e consiste nunha caixa de resonancia sobre a que se estenden as cordas que son pulsadas, neste caso, por unha púa. Ademais, é un instrumento que ten a súa orixe en Europa e na Idade Media, sendo representado con frecuencia en ilustracións ou esculturas a partir do século XII.

Por outra beira, hai que destacar a presenta dun crucigrama sobre os diferentes instrumentos e que se reparte na exposición. Este tipo de elementos que son interactivos, conseguen transmitir información de forma máis visual e sinxela.

A exposición estivo en Sarria, no antigo cárcere, ata o pasado 30 de setembro e nela, podíase descubrir, de maneira accesible e sinxela, unha parte da historia musical e a lírica de Galicia, centrada na Idade Media e na súa iconografía. De feito, o seu interese levouse a colexios sarriaos que visitaron a exposición para que os máis pequenos puideran adquirir nocións básicas do que se transmite na mostra.





*Arriba, a exposición e abaixo, unha das pezas recuperadas*



# O PP lamenta o "estado de abandono" do Chanto



*Lugar do Chanto*

Dende o Partido Popular de Sarria denuncian o estado de abandono que sofre O Chanto, que cumpre 60 anos como praia fluvial de Sarria e é o lugar onde se sitúan as piscinas municipais, zonas deportivas, merendeiros, restaurantes e un parque infantil. Desta maneira, o PP defende que é "o epicentro da vida veraniega de Sarria, cheo de nenos e familias".

Por esta razón consideran que se trata dun "abandono total e vergoñento, con vallas con furados dende fai máis de dous anos". Ademais engaden que "os puntais están alugados a unha empresa de Lugo dende fai nove meses, a presa está abandonada e o río sucio, as varandas do paseo caéndose e un árbol caído e sen medidas de seguridade".

Por iso, conclúen neste sentido que "Sarria converteuse no pobo máis abandonado do Camiño Francés".

Por outro lado, dende o PP de Sarria xa denunciaran fai uns días que a Deputación de Lugo, o pasado 3 de setembro, acordou a perda doutra subvención do Concello de Sarria "porque o Goberno de Claudio Garrido e os seus Camiña están instalados na desidia, esta vez non foron quen de cumplir cos seus compromisos para instalar a fibra escura que conecte aos edificios municipais nunha rede rápida e moderna".

Por iso, sinalan que son outros case 20.000 euros que perde o pobo de Sarria, a causa de que o Concello tiña que xustificar a inversión antes do 15 de outubro do 2020, algo que non chegou a suceder.

# Aprobada a urbanización da segunda fase do polígono

O Concello aprobou no último Pleno dúas mocións do Partido Popular, así coma dúas propostas sobre o contrato que ten o concello polo servizo eléctrico para o alumeado público de Sarria.

En primeiro lugar, aprobouse unha moción na que se pedía a urbanización da segunda fase do Polígono Industrial do Morelle e a comercialización, venta e posta a disposición de empresas e emprendedores das parcelas industriais da mesma. Así mesmo, a isto uniuse unha segunda parte pola que tamén se pedía o mantemento, limpeza e mellora do estado de conservación da primeira fase do polígono de Morelle, "tal e como veñen esixindo os propietarios dende fai máis dun ano".



*Vista de Sarria*

Esta cuestión foi apoiada por PSOE e BNG. Así mesmo, o partido nacionalista defendeu que o solo industrial debe de ser unha cuestión prioritaria na que hai que unir forzas para que a vila evolucione e creza. Sen embargo, Camiña Sarria non estivo de acordo e engadiu que consideraban de "oportunista" dita moción.

Por outra beira, a moción da Casa da Carmiña tamén se aprobou co apoio de PSOE e BNG. Nela pedíase a redacción, aprobación e execución dun proxecto técnico e as obras correspondentes para a súa rehabilitación. Claudio Garrido, alcalde de Sarria, defendeu que o partido xa mandara o proxecto de demolición en xaneiro de 2020 á Dirección Xeral do Patrimonio de quen non obtiveron resposta.

Sen embargo, dende o BNG ven preciso un proxecto de demolición e un de construción, saber o que se quere facer. "O ano pasado traballou todo o equipo de goberno nun plan de protección do casco histórico que evitaría estes trámites". Por tanto dende o BNG consideran que hai alternativas "ao mellor o que foi un erro e só mandar un plan derrube e non un plan integral".

Así mesmo, tamén se aprobaron dúas propostas sobre o servizo eléctrico. Por un lado, aprobouse a urxencia da proposta número un de modificación da ampliación do prazo de execución dos investimentos e, por outro, aprobáronse os ratios de inicio de contrato.

**SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ.** Outra cuestión que se abordou no pleno celebrado no día de onte foi en relación ao servizo de atención temperá que, según a concelleira do Partido Popular de Sarria, Esperanza López, o contrato finaliza en outubro e "hai familias que querían comezar co servizo pero que non saben se vai continuar e se se vai facer coa mesma empresa".

Así pois, o Concello informou que o servizo está funcionando e que se pediu para que continúe, sen embargo e, según o concelleiro Benjamín Escontrela, "este servizo hai que licitalo de novo porque é o que di a Xunta de Galicia e atención temperá". Ademais, engadiu "unha vez que se licite, pódese manter o mesmo servizo coa mesma empresa que se leve a adxudicación durante cinco anos".

# Continúan as obras no roteiro da Foz das Aceas




As obras no roteiro da Foz das Aceas continúan evolucionando. Desta maneira, dende o día de hoxe atópase pechada a marxe dereita do río e reabre a ribeira esquerda onde xa se remataron os traballos necesarios, que comezaron o pasado 26 de agosto.

O roteiro da Foz das Aceas é unha ruta de sendeirismo, de máis de 6 kilómetros, que discorre á beira do río Sarria e que está próximo á vila. Neste roteiro pódese gozar de diferentes muíños, así coma da flora da zona.

Grazas a esta actuación dividida en dúas fases, todas aquelas persoas que queiran realizar a ruta poderán facelo, xa que é unha ruta que se pode realizar empregando tan só unha das marxes do río.

Estes traballos de reparación e mantemento que se están a realizar inclúen a limpeza do paseo, así coma a reposición de varandas e o amaño de escadas e outros tramos e elementos que se atopan en mal estado. Nesta rehabilitación e mellora do sendeiro o Concello invertiu uns 17.000 euros.

# Sarria lembra á homenaxeada Xela Arias con dous actos na vila

A rúa Porvir de Sarria xa loce unha placa da poeta sarriá Xela Arias, a quen se lle adicou este ano o Día das Letras Galegas. Desta maneira, os veciños desa rúa, onde vivían os seus avós maternos quixeron recordar á escritora cunha placa que contén a imaxe de Xela de pequena.

A actuación foi unha iniciativa da asociación La Dulce Alianza, que quixo recoñecer a traxectoria de Arias, así coma a da súa familia.

Así mesmo, no acto participaron familiares de Xela Arias e veciños da rúa Porvir, así coma a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez, e a secretaria, Dolores Vilavedra,



xunto co alcalde de Sarria Claudio Garrido e as concelleiras de Educación e Cultura, María Eugenia Valcárcel e Reyes Abella respectivamente.

Por outro lado, tamén se levou a cabo unha actividade pensada para a xente nova e organizada polo Consello da Cultura Galega en relación a Xela Arias. A cita consistiu nun contacontos que tivo lugar na Casa da Cultura para douscentos alumnos de primaria de diferentes centros da vila de Sarria.

Charo Pita foi a encargada de realizar dous pases dun contacontos que bebe do proxecto web Xela e Gianni, que pon na rede unha serie de podcast da publicación Contos ao teléfono. Estas dúas accións xuntan a preocupación de Xela polo público infantil e, sobre todo, pola tradución de obras ao galego, labor en que Xela foi unha pioneira. O proxecto, feito coa colaboración dos herdeiros de Gianni Rodari, estará aberto ao público durante un ano.

# “O obxectivo é practicar a arte do bonsái o mellor que se poida”

## José Antonio Peña é o presidente da Asociación de afeccionados ao bonsái





*Arriba unha mostra de bonsáis e, abaixo, unha de cuncas artesás*

Peña é o actual presidente da Asociación de afeccionados ao bonsái El Serbal. Leva 35 anos neste mundo e, despois de comezar a expoñer por varios espazos cun colectivo, conseguiuse crear un grupo afeccionado que foi evolucionando ata o que é agora a Asociación. Segundo menciona, o crecemento foi importante ata chegar ao nivel de profesionalización que existe agora, tendo bonsáis que nada teñen que envexar ás plantas que se cotizan no mercado.

**Cando naceu a asociación e por que?**
A asociación comezou en abril do ano 2017. Nace dun colectivo que estaba situado en Monforte de Lemos, que se chamaba Asociación de Bonsái Val de Lemos. Despois, agregáronse os de Sarria e puxemos de nome Val de Lemos – Sarria e xa no ano 2015 decidimos que o mellor era refundar os dous grupos e crear unha asociación.

**Cantas persoas compoñen a asociación na actualidade?**
Somos preto de 20 ou 21 persoas.

**Que obxectivos teñen actualmente?**
O obxectivo principal é practicar a arte do bonsái todo o mellor que se poida, coa única finalidade de expoñer por diferentes lugares como Sarria, Monforte, Lugo ou por onde nos chamen. Ademais diso, potenciarse todo o posible tecnicamente no mundo do bonsái porque isto é unha tarefa de moito tempo e de moita dedicación.

**Hai algunha actividade ou evento programado proximamente?**
A nivel público, agora mesmo non hai eventos programados. Quizais a principios de ano se organiza algo na Casa da Cultura se se pode. Ata agora estabamos a facer exposicións ao aire libre na rúa Porvir, onde temos o local e o centro de bonsái, sen embargo, o ideal sería xestionar algún evento de interior.

**Como levou a asociación a covid?**
Levámolo daquela maneira. Aos obradoiros que se programaban íamos catro ou cinco persoas. Uns días ían uns e outros días ía outros a pesar de que temos un local moi grande no que podemos estar perfectamente separados. Sen embargo era complicado o tema de desprazamento a causa dos peches perimetrais, xa que nesta asociación hai xente de Lugo, de Sarria, de Monforte, de Oviedo...

**Actualmente, recuperaron a actividade normal?**
Si. O que pasa é que acabamos de saír do mes de agosto, cando está paralizado o tema de traballos de bonsái. Agora mesmo, a actividade está limitada a regar e a algún abonado. O importante do bonsái chega a partir de agora, de outubro ata xuño. En xuño volvemos parar xa que non é o momento e, ao final, estamos traballando seres vivos e con eles hai que ter certa precaución e adaptarse á propia bioloxía da árbore.

**En que consiste a actividade que realizan neses meses?**
Nós o que facemos é recuperar árbores, sobre todo, das ladeiras das estradas que están máis desmouchados polas diferentes máquinas de roza e limpeza. Ademais diso, algúns compañeiros que teñen fincas tráenos das fincas e traballámolos aquí. De todas formas, estas árbores que se recuperan da natureza e que non veñen de sementes nin viveiros, teñen un proceso moi lento de adaptación.



*José Antonio Peña*

Primeiro hai que recuperalo porque se lle corta toda a raíz. Despois deixalo descansar e ir abonando a medida que vai brotando e ilo potenciando o máximo posible para que a raíz se fortaleza. A partir de aí, empezamos os traballos de prebonsái, que son os traballos previos a que se faga bonsái.

**Canto adoita tardar este proceso?**
Un bonsái non se fai ata que pasan oito ou dez anos. Se vas a un viveiro e colles unha planta, dende o momento en que o inicias ata que se convirte nun bonsái de exposición minimamente aceptable pasan entre seis e oito anos. Se queres ter algo de maior envergadura, hai que irse a dez ou doce anos.

**Que plans de futuro ten a asociación?**
Primeiro hai que ver se seguimos no local que temos en Sarria xa que ese é outro dilema. Con esta nova incorporación, conseguiron facilitarnos moito as cousas e hai que agradecerllo pero se ven outra incorporación e nos botan de alí, as árbores volverán as propiedades privadas de cada un xa que isto son coleccións privadas. Isto conleva a que o seguimento sexa moito máis complicado.
En principio o que temos pensado é continuar coas exposicións e cos obradoiros. Ademais, hai que mencionar que non só expoñemos árbores, senón que tamén expoñemos cerámica que facemos nós mesmos. A asociación, dentro dos mesmos socios, ten un grupo de cerámica.

**E no tema da cerámica, canto tempo levan?**
Coa cerámica levámos dende o ano 2014 ou 2015, cando empezamos a facer os primeiros obradoiros. Loxicamente non tiñamos fornos e tiñámonos que trasladar para fóra de Sarria. Agora xa temos autonomía para cocer, para fabricar e temos autonomía de materia prima porque empregamos moitísimas arxilas do val de Lemos e do val de Sarria. Desta maneira imos progresando co tema.
O tema da cerámica témolo enfocado aos bonsáis. Nós o que facemos é facer pezas para os bonsáis ou para as pezas de centro que son as que acompañan nas exposicións aos bonsáis. Desta maneira, tamén aforramos comprar as macetas. Aínda así, cada un a nivel individual pode facer as pezas que desexe.

**Entón, tamén imparten talleres de cerámica?**
Si. Xa levamos dous anos facendo uns talleres con nenos e nenas no local, onde se fan as exposicións. Temos dous fornos, un para cocer normal e outro para cocer coa técnica Rakú.

**Onde adoitan realizar as exposicións?**
En Monforte, por exemplo, levamos dous anos sen expoñer porque temos moitas dificultades. Ao final, son árbores de moita envergadura e costa moito o traslado. Desta maneira, cada un leva nos coches o que pode. Por iso, non é o mesmo levar no coche tres ou catro árbores que meter 30 ou 40. Por iso, actualmente desprazarse de Sarria resulta complicado xa que está todo concentrado alí. Sen embargo, si que fixemos exposicións por aí e temos ido a lugares máis lonxe coma Vegadeo.

**Como adoitan acoller os veciños e veciñas as exposicións?**
Moi ben. É unha pena que levamos dous anos con esta situación e este ano incluso estivo a punto de suspenderse a exposición de xuño. Pero o dito, lévano moi ben e, incluso, as familias dos compoñentes da asociación ven o progreso que se está alcanzando e que cada vez hai máis calidade de material. De feito, os nosos árbores non teñen nada que envexar ás plantas que se cotizan no mercado.

**Reciben axudas dalgunha institución?**
De momento nada, todo isto costeámolo os socios. Si que é certo que cando se fai a exposición na rúa Porvir encárgase o Concello, que é quen nos dá as mesas, os bancos, manteis e, este ano, tamén nos deron máscaras e xel hidroalcohólico.
No tema da economía estamos á espera de que a Deputación nos faga unha concesión temporal dun torno e dalgunha máquina que necesitamos para o barro pero de momento non sabemos nada. En metálico non recibimos absolutamente nada dende o 2017 para adiante.



# Convocada a XXI edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño




O Concello de Sarria e a Agrupación Cultural Ergueitas convocan a 21 edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño. O prazo de presentación de orixinais remata o 23 de outubro de 2021.

Así pois, as obras presentadas deberán estar escritas en lingua galega e ter unha extensión mínima de 500 versos. Ademais, os orixinais deberán ser inéditos e non premiados en ningún outro certame.

O premio do certame é de 6.000 euros e está suxeito á normativa fiscal vixente. Así mesmo, o premio poderá quedar deserto se o xurado considera que non se alcanza unha calidade mínima nas obras. Por outra beira, hai que sinalar que o xurado estará formado por persoas de prestixio no mundo da creación e crítica literaria.

Dende a organización animan á participación desta nova edición do certame. Para máis información pódese consultar a web do Concello de Sarria ou contactar no número de teléfono 982 535 000.

# Sarria pagará este mes aos afectados polas obras da autovía

O Concello de Sarria informou que o próximo venres 29 de outubro de 2021, terá lugar o pago aos propietarios afectados polas obras que se están levando a cabo na conversión en autovía do corredor Nadela – Sarria.

Así pois, o pago será polas expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras no treito de 11,5 quilómetros que hai da Pobra de San Xiao a Sarria centro, que se encontra no termo municipal de Sarria.

Este treito mencionado anteriormente, comprende as obras da primeira fase de desdobramento da vía de alta capacidade e que se corresponden co treito de corredor que rexistra unha maior intensidade de tráfico.

Ademais, as obras en marcha na 1ª fase de desdobramento desta vía supoñen, tamén, a adaptación dos tres enlaces do treito A Pobra, Sarria norte e Sarria centro, e a ampliación dos seis pasos inferiores.

Finalmente hai que lembrar que no momento de construción da vía de altas prestacións entre Nadela e Sarria se planificou a ampliación da capacidade e se deixaron preparados desmontes, sen embargo, foi preciso amplialos en certos puntos.

Para máis información, pódese consultar a sede electrónica do Concello de Sarria ou chamar ao número de teléfono 982 535 000.



*A nova autovía en obras*




# Está dispoñible na web do Concello o documental Mulleres de Sarria

O documental Mulleres de Sarria, conversas sobre igualdade está dispoñible na canle de YouTube do Concello de Sarria e pódese acceder a el a través do enlace na páxina web do concello.

O audiovisual, promovido pola Concellería da Muller, Igualdade e Integración, é un proxecto realizado para visibilizar a mulleres de Sarria de distintos ámbitos, en diferentes etapas da vida. Nel abórdanse as súas vivencias e convérsase sobre igualdade.

O vídeo protagonizado por Milagros Vázquez Seijas (xubilada), María Pilar García Piñeiro (empresaria de panadería), Rosario Rey Lago (Técnica de Emerxencias Sanitarias), Teresa González Casas (gandeira e funcionaria), Carmen José López Rodríguez (avogada) e Belén Jiménez Vargas (estudante), abarca as súas vidas; cóntannos o seu punto de vista sobre os avances en igualdade con respecto ás xeracións anteriores e expoñen as contas que aínda temos pendentes en materia de igualdade de xénero.

O documental é unha ferramenta educativa que nos convida a reflexionar e afondar na igualdade de xénero dende o punto de vista de mulleres sarriás. Mulleres reais que falan dos retos en igualdade que aínda nos quedan por acadar.

Por esta razón, anímase a todas aquelas persoas que o desexen a visualizar a peza audiovisual presentada o pasado 14 de setembro na Casa da Cultura de Sarria.

# O Concello estuda a ampliación dos horarios no cemiterio

O Concello de Sarria está a valorar unha ampliación do horario establecido o pasado ano no cemiterio municipal. Desta maneira, despois de varias peticións veciñais, dende o Concello estudan facer un horario continúo de modo que as instalacións non pechen a mediodía -menos domingos e festivos-.

No caso de querer levar a cabo esta petición, o pleno deberá aprobalo para poder levalo a cabo. Na actualidade, os horarios son de luns a domingo de 9 a 13 horas -pola mañá- e de luns a sábado de 15 a 18 horas en inverno e de 15 a 19 horas en verán -pola tarde-.

Dende o Partido Popular de Sarria critican esta xestión que "impide aos veciños visitar, a esas horas, aos seus seres queridos falecidos", polo que "voltaremos a defender no Pleno as nosas propostas contras este recorte de servizos e falta de sensibilidade".

Ademais, dende o PP sinalan que é un recorte dun servizo público que sempre estivo aberto e que, na actualidade, pecha todos os domingos e festivos.



*Cemiterio de Sarria*

# Nova edición do Outono Gastronómico

Trece establecementos de turismo rural da provincia de Lugo participan ata finais de ano na 15ª edición da campaña Outono Gastronómico.

O programa está vixente as fins de semana ata o 19 de decembro e na provincia de Lugo destaca a presenza da sarriá Casa Caxigueiro.

O programa ofrece diferentes propostas que inclúen a posibilidade de pernoctar e desfrutar de menús concibidos en exclusiva para esta ocasión. Así, pódese desde degustar unha cea co Menú Outono Gastronómico ata pasar unha unha fin de semana no establecemento elixido.

Tamén se ofrece o Outono Plus, co que algunhas das casas participantes porán á disposición dos seus clientes outras actividades complementarias á restauración e o aloxamento, como paseos a cabalo, rafting, sendeirismo ou visitas culturais. Toda a información sobre a campaña, os 73 establecementos adheridos no conxunto de Galicia e as distintas modalidades pode consultarse na web de Turismo de Galicia.



# "Non é levar a música onde a xente, senón que a xente vaia onde a música"

## Abraham Cupeiro é un construtor e multiinstrumentalista sarriao

Abraham Cupeiro caracteriza-se pola recuperación de instrumentos perdidos no tempo. Estes son empregados para novos proxectos e concertos. Este verán levou a cabo o programa Resoando no Camiño Francés, un ciclo de concertos a través do cal actuou en varios concellos polos que pasa o Camiño de Santiago.

**Dende cando leva no mundo da música e por que empezou?**
Levo no mundo da música dende que teño uns oito anos, cando me levaron a Asociación Meigas e Trasgos, sen embargo, isto foi de forma intermitente. Despois paseime á banda de música de Sarria e, dende os 11 anos aproximadamente, xa comecei a dimanar. Por tanto debo levar aproximadamente, uns 30 anos.

**Como xurdiu a súa paixón pola recuperación de instrumentos?**
A verdade é que sempre me chamaron a atención as diferentes culturas e, sobre todo, a través da música, xa que se manifestan dun xeito moi singular e sobre todo moi auténtico. Ao fin e ao cabo, considero que a música é unha das máximas expresións que ten o ser humano. A partir de iso, fun conseguindo instrumentos e chamábame a atención a diversidade que existía en eles. A continuación, foi cando comecei a construír os meus propios instrumentos, despois de que no conservatorio en Madrid fixera un traballo sobre a construción dunha trompeta barroca. Xa con iso, comecei a elaborar unha serie de proxectos que hoxe en día son os que me fan ter un ritmo de concertos bastante importante ao longo do ano.

**Como definiría os seus traballos?**
O máis importante que ten que haber ou que intento que haxa é emoción. Non significa soamente extraer cousas do pasado ou facer coma se fora unha conferencia para un público erudito, senón que é intentar levar esas cousas á xente de a pé e, sobre todo, intentar emocionar. Ao final, son uns traballos moi poliédricos onde se xunta composición, onde se xunta construción e onde se xunta interpretación.



Sen embargo, ao fin de todo, tes que facer un proxecto que tamén namore e capte a atención da xente.

**Que é o que máis destaca dos seus proxectos?**
Pois iso e a utilización de instrumentos non cotiás que foron esquecidos no tempo. Destacaría iso, a busca de que sexan auténticos e para min non hai nada máis auténtico que ir a un concerto e saír coa emoción a flor de pel.

**Poderíase quedar con algún instrumento en particular?**
Para min o instrumento máis importante do proxecto é o karnyx. Ademais dese, tamén destaco a corna de pastor que encontrou Carlos Tallón en Padriñán. Considéroos os mais importantes para min porque son como pedras angulares nas que xiran o meu traballo.

**Que é o que máis lle gusta do que fai?**
Aprender

**Este verán fixo varios concertos dentro do programa Resoando no Camiño Francés, que significaron eses concertos para vostede?**
Significan algo moi bonito porque a maioría dos concertos que fago son fóra de Galicia e xa o feito de tocar na miña terra é unha pasada. E encima a iso inclúes que se respecta o silencio e que pode facer música onde te podes parar un pouco para meter un ou dous detalles. O dito, ter a oportunidade de tocar en Galicia para min é algo moi satisfactorio porque non adoito facelo pola miña terra.

**Onde adoita facer concertos?**
Como dicía non adoito actuar por Galicia, fágoo por toda España e tamén no ámbito internacional.

**Despois de tantos concertos e actuacións, podería destacar algunha en particular?**
Non destacaría ningunha en particular xa que ao final, todo o ciclo tiña un sentido e cada concerto foi diferente. Sen embargo, si que é verdade que a actuación en Triacastela foi algo moi curioso xa que tocamos nunha alvariza moi alterna. Ademais, penso que nunca se fixo un concerto nunha edificación deste tipo, á que había que engadir que estaba no medio do monte, polo que o concerto estivo acompañado polos diferentes sons da natureza: paxariños, árbores, vento… Foi algo moi bonito onde se tivo que desprazar a xente de forma premeditada, algo que tamén é de valorar xa que non é levar a música onde a xente, senón que a xente vaia onde a música.





*Abraham Cupeiro en diferentes actuacións*

**Cales son os seus plans de futuro?**
A verdade é que estou a tope de concertos e con 50 proxectos ao mesmo tempo, polo que a miña idea é seguir facendo música xa que para o ano que vén xa teño toda a tempada pechada. Agora mesmo teño pouco tempo de reacción ao ter tanto traballo. Sen embargo, afortunadamente hai que pensar que no 2022 xa teño case todas as datas de concertos completas e no 2023 xa estou comezando a encher.

**Ten algún sitio no que lle gustaría actuar e que aínda non o fixera?**
Pois teño gañas de tocar, por exemplo, no Royal Albert Hall en Londres e creo que non tardará moito esa ocasión.

**Ten algún proxecto en mente ou algún traballo máis?**
Si, imos sacar dous discos en breve e ademais, tamén me gustaría facer un pequeno festival de músicas do mundo ou de músicas que non se escoitan tanto. Este é un proxecto que me gustaría levar a cabo pero como dixen anteriormente, teño moito traballo polo que de momento non teño tempo a pensar nestas cousas.

**Ten algún concerto proximamente en Galicia?**
Non. Como dixen antes, desgraciadamente, non toco case nada por aquí e os seguintes concertos son en Castellón, Valencia, Madrid, Euskadi e Palmas de Gran Canaria. Iso é o que vou facer para acabar o ano. Acabarei no Alfredo Kraus, un auditorio espectacular das Palmas de Gran Canaria onde farei catro concertos. Sen embargo, ningún en Galicia.

**Como considera que valoran os espectadores as súas actuacións?**
Eu máis que valorala eu creo que me gustaría ver que a desfruten. Para medir ese feedback que chega despois dun concerto temos varios parámetros. De feito unha das maneiras é cando hai ocasión de vender o teu proxecto e os teus discos e, moitas veces, quedamos sen eles. Ademais, eu creo que en moitas ocasións o espectador pide que dure un pouco máis. O único que podo dicir é que me gusta facer feliz á xente e, ao mesmo tempo, iso tamén me fai feliz a min.

# A Unión reinicia as actividades semanais

A Sociedade Cultural A Unión de Sarria xa informou das diferentes actividades semanais que estarán dispoñibles dende este mes de outubro ata o vindeiro mes de xuño de 2022.
Este tipo de actividades son gratuítas e exclusivas para os socios e socias da sociedade.
Así pois, os luns ás 20 horas, levarase a cabo unha clase de cantos de taberna, co grupo dos Cantareir@s. Os martes será o turno das clases de ximnasia -ás 18 horas-, de karate -ás 19.30 horas- e de bailes de salón -ás 21 horas en Ritmo Lugo-.
Os mércores, polo seu lado, haberá clases de pilates ás 20 horas. Os xoves volverá a ximnasia ás 18 horas e tamén se realizará baile en línea ás 19.30 horas. Os venres serán o turno do baile de sevillanas -ás 20 horas- e, para rematar, os domingos haberá cine club.
Unha variedade de actividades diferentes para todos os públicos e gustos onde se levarán a cabo as medidas sanitarias correspondentes.



*Unha das actividades realizadas por Peleriños*

# A asociación Peleriños reabre as aulas de música e de baile tradicional

A Asociación Cultural Peleriños de Sarria volve a súa actividade con clases de música e baile tradicional neste ano 2021-2022. Así pois, o comezo do curso realizarase no mes de outubro en diferentes datas dependendo da clase.
No caso do baile infantil e adultos e de música infantil, as clases comezarán o venres 8 de outubro, no caso das clases de canto e pandeireta, o inicio realizarase o martes 19 de outubro e, finalmente, as clases de gaita e percusión adultos comezarán o sábado 2 de outubro.
Por outra beira, os horarios tamén dependen da clase á que se vaia e do nivel de cada persoa. Os martes, no Breogán, realizaranse as clases de canto e pandeireta de adultos; de 20.30 a 21.30 será o turno das clases de iniciación e de 21.30 a 22.30 horas serán as clases de perfeccionamento.
Nas tardes dos venres, o local aínda está por determinar, sen embargo, os horarios aproximados xa están publicados. Música tradicional infantil realizarase en varios grupos nos que as clases serán a diferentes horas. O primeiro grupo ten horario de 16 a 16.50 horas -este xa está completo-, o segundo grupo será de 16.50 a 17.40 horas e o terceiro será de 17.40 a 18.30 horas.
No caso do baile infantil ocorre o mesmo que coa música tradicional, polo que haberá varios grupos e horarios ao longo da tarde. O primeiro grupo, que xa ten aforo completo, ten un horario de 16.50 a 17.40, o segundo é de 17.40 a 18.30 horas, o terceiro é de 18.30 a 19.20 horas e o último é de 19.20 a 20.20 horas.
A continuación, nas noites dos venres haberá clases de baile para adultos no breogán e haberá dous horarios: de 20.30 a 21.30 horas e de 21.30 a 22.30 horas. Finalmente, os sábados, de novo no Breogán, realizarase unha clase de gaita e percusión para adultos de 18.30 a 20.30 horas.
Todas as persoas que estean interesadas en inscribirse ou que teñan algunha dúbida, poden contactar no 693 299 292, chamada telefónica polas tardes ou WhatsApp todo o día.

# Comezan a funcionar de novo as escolas deportivas municipais

O Concello de Sarria ofrece, para todas aquelas persoas interesadas, nove escolas deportivas de diferentes disciplinas. Entre elas atópanse os deportes de hockei, defensa persoal, tiro con arco, baloncesto, fútbol sala, patinaxe, tenis e ximnasia rítmica.
Desta maneira, chega a Sarria unha variedade de actividades deportivas nas que colaboran diferentes clubs e asociacións da vila entre os que están o CFS Os Meigallos, o CB Sarria, o Deperpol Sarria, o club Anca de patinaxe e hockei, o club Xirandela, o club Aixa, o club de tiro con arco Seurri, o club de tenis AMR e a SD Sarriana.
Por outra beira, hai que lembrar que, a causa da actual situación sanitaria, continuarase co protocolo de prevención da covid19 que se levará a cabo nas actividades deportivas e nas instalacións municipais, para garantir unha práctica deportiva segura e amena. Este tipo de iniciativas teñen como obxectivo fomentar hábitos de vida saudables nos veciños e veciñas da vila e arredores, así coma apoiar estas prácticas nas diferentes etapas de desenvolvemento.



*Piscina climatizada de Sarria*

**PISCINA CLIMATIZADA.** Un dos servizos que se abriu despois de estar pechado durante máis de ano e medio a causa da situación sanitaria provocada pola covid19 foi a piscina climatizada, grazas a cal se impartirán tamén cursos de natación para adultos, nenos e nenas, entre outras actividades diferentes das que gozar nestas instalacións. Así pois, o Concello xa informou que o contrato de servizos que sacará a licitación inclúe que a empresa que leve este servizo deberá ampliar os horarios de apertura.
Desta maneira, a piscina climatizada, en inverno, abrirá todos os días da semana menos os festivos e, en verán, farao tamén os domingos. Os horarios, serán de 8 a 13 horas e de 17 a 22 horas, de luns a venres; os sábados será de 9 a 14 horas e de 16.30 a 21 e, os domingos, de 9 a 14 horas -tempada invernal-.
No caso de verán o horario será de 8 a 13.30 horas e de 19 a 22.30 horas de luns a venres, mentres que os sábados será de 9.30 a 13.30 horas.
Hai que lembrar que este procedemento aínda vai tardar un par de meses debido a trámites administrativos. Por outro lado, o contrato coa empresa adxudicataria será por tres anos e un importe de 932.000 euros.
Así mesmo, esta empresa será a encargada da limpeza, da xestión, do persoal preciso para todas as funcións, así coma das diferentes actividades deportivas que se implantarán no centro -coma natación para centros educativos, terceira idade, pilates, ximnasia para persoas maiores, etc-. Ademais, tamén será a encargada de levar as piscinas exteriores do Chanto, cos seus respectivos servizos.

# Aposta do IES Xograr Afonso Gómez pola mobilidade sostible

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria quere dar continuidade á campaña En bici ao Xograr. Anímate a pedalear! A última campaña do instituto sarriao foi para conmemorar a Semana Europea da Mobilidade e durou ata o pasado mércores 22 de setembro.
Desta maneira, nesa iniciativa animábase a tódolos alumnos e alumnas, profesores e profesoras e persoal de servizos do centro a ir en bicicleta ao instituto para gañar un agasallo.
Así mesmo, desta vez, o centro quere continuar co Proxecto de mobilidade sostible e segura iniciado o curso pasado premiando, de novo, a todos os membros da comunidade educativa que empreguen a bicicleta para ir instituto ou ben no seu tempo de lecer.




A campaña está apoiada por casas comerciais que aportan agasallos para que esta iniciativa continúe e exista unha maneira de incentivar o emprego de medios de transporte alternativos, así coma axudar ao coidado do medio ambiente.
Ademais, dende o centro informan se pode descargar unha aplicación gratuíta onde se indique o percorrido realizado. Unha vez feito, haberá que envialo -ou a foto da bici na rutaá dirección de correo pdcxografonso@gmail.com.

# A residencia de maiores estará na rede da Deputación


Residencia de Sarria

O pleno da Deputación de Lugo aprobou que a residencia da terceira idade Nosa Señora do Carme situada na vila de Sarria se atope na rede da institución provincial.
Así pois, a moción presentada polo PP -na que se atendeu ao acordo adoptado polo Concello de Sarria- e na que se pedía a integración na rede da institución provincial da residencia Nosa Señora do Carme, ata agora de titularidade municipal, aprobouse no pleno da Deputación celebrado no día de onte.
Desta maneira, tan só os socialistas votaron en contra, xa que o BNG optou pola abstención.
As agrupacións do PSOE e do BNG non remataron de entender que na moción non se incluíra a posibilidade de que a residencia pasase a ser autonómica, unha opción que si contemplou o nacionalista Efrén Castro pero que, sen embargo, rechazou José Antonio García, viceportavoz do PP. Así pois, García sinalou que o trato aos residentes ten que ser o mesmo en Sarria ca en outros lugares da provincia.
Así mesmo, José Tomé Roca sinalou o cumprimento por parte da Deputación provincial de construír proxectos de residencias de maiores xa programadas, a diferenza da Xunta que non asume esa responsabilidade en concellos pequenos.
Pola súa beira, Javier Castiñeira, portavoz do PP, criticou a actitude do presidente por ter perdido o asunto da residencia de Sarria e, "nun alarde de humildade democrática deixou caer que tanto lle ten o que decida o pleno, porque el fará o que crea preciso".


Imaxe da varanda do Campo do Río afectada

# Continúa a preocupación pola varanda afectada no Campo do Río de Sarria

O Concello de Sarria informou no Pleno realizado nque aínda non hai prazos para as obras de renovación do saneamento e a estación depuradora de augas residuais -Edar- que levará a cabo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS).
Esta cuestión abordouse debido a que continúa a preocupación pola varanda de madeira que se viu afectada no Campo do Río de Sarria e que presenta danos a causa de actos vandálicos e do paso do tempo. Así pois, hai que mencionar que unha parte da varanda tirouse ao río e aínda que en algúns puntos se instalaron cintas de protección para alertar aos viandantes, noutras aínda non existen.
O concelleiro de medio ambiente, Pedro López Quiroga, informa que aínda non se pode realizar ningunha actuación nas varandas mentres non se teñen decidido as zonas que van afectar as obras da Edar polo que, haberá que esperar para solucionar esta cuestión.
No caso de que estas obras non afecten ás varandas, o Concello deberá repoñelas no menor prazo de tempo posible debido a súa perigosidade.
Ademais, o concelleiro engadiu que "si que deberemos poñer unhas vallas polo menos, para delimitar e evitar que a xente se vaia ao río, sobre todo, agora que poden comezar os problemas das riadas".


Actuación dun dos grupos do corpo de baile de Meigas e Trasgos

# A Asociación Meigas e Trasgos organiza un novo curso

A Asociación cultural Meigas e Trasgos xa informou dos horarios que haberá neste novo curso 2021-2022 e que xa comezaron.
Desta maneira, as modalidades que se poden cursar son: baile, pandeireta, percusión e gaita. Nesta primeira modalidade, dividíronse varios grupos: iniciación, maiores, adultos e perfeccionamento e, excepto estes dous últimos, as clases do resto son os sábados.
Así pois, no primeiro caso haberá dous horarios: os sábados de 11.15 a 12 horas ou de 12 a 13 horas. No caso dos maiores, o horario é de 18 a 19 horas. En canto a perfeccionamento, as clases son os xoves de 19 a 20 horas e no caso de adultos, son os xoves de 20.30 a 21.30 horas. Para máis información sobre o curso de baile pódese contactar con Sesé no número de teléfono 605 619 205 ou, se estás no grupo dos maiores, pódese contactar con Belén no número 653 308 164.
En canto a pandeireta, tan só haberá grupo de iniciación -sábados de 17 a 18 horas- ou de perfeccionamento -sábados de 18 a 19 horas-. Neste caso, para calquera dúbida pódese contactar con Guille no número de teléfono 697 516 257.
En percusión, os horarios, o día e os grupos serán os mesmos que no anterior -sábados de 17 a 18 o grupo de iniciación e sábados de 18 a 19 o grupo de perfeccionamento-. Neste caso, os encargados son Ismael -número de teléfono 661 445 787- e David -número de teléfono 681 112 015-.
Finalmente, as clases de gaita tamén se levarán a cabo os sábados pero, desta vez, o grupo de iniciación será de 16 a 17 horas e o de perfeccionamento será de 19 a 20 horas. Así mesmo, Guille volve ser o encargado desta clase.
Para máis información ou para calquera dúbida, pódese contactar no enderezo electrónico directiva@meigasetrasgos.gal ou consultar a páxina web www.meigasetrasgos.gal.

# Publicadas as bases para o obradoiro de emprego Camiño de Santiago II

O Concello publica as bases xerais do obradoiro de emprego Sarria. Camiño de Santiago II, no que se ofertan 20 prazas para alumnos traballadores para un posto de pavimentos e albanelería de urbanización.
O obradoiro de emprego Sarria. Camiño de Santiago II é un programa mixto de formación e emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas mediante a realizacion de obras ou prestacion de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realizacion dun traballo efectivo que, xunto coa formacion profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a sua cualificacion profesional e favoreza a sua posterior inserción laboral no mercado de traballo.
Así pois, as actuacións a levar a cabo son: pavimentación do Camiño de Santiago ao seu paso polo núcleo rural de Perros e a pavimentación do Camiño de Santiago ao seu paso polo núcleo rural de Aguiada.
Aquelas persoas participantes estarán vinculadas á entidade convocante mediante a modalidade de contrato de formación e aprendizaxe durante unha duración de 9 meses a xornada completa.
Desta maneira, os participantes deberán cumprir os requisitos para poder asinar esta modalidade de contrato, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.
Para máis información pódese consultar a sede electrónica do Concello de Sarria ou chamar ao número de teléfono 982 535 000

# COMARCA

## A UNED, galardoada con dous premios nacionais



*Ana Belén Traseira e Carlos García, da UNED*

O Observatorio Nacional ODS da UNED ven de fallar os premios ODS na Universidade, resultando galardoados dous proxectos do centro universitario lucense cunha contía de 6000 euros: PlanetaODS 2.0 e FOZ 2030.

As iniciativas premiadas están deseñadas no marco do proxecto #LugoNaturalMente dirixido por Ana Belén Traseira e Carlos García. Este proxecto arrancou na primavera do ano 2019 con unha tripla misión: a contribución e posta en valor do patrimonio natural da provincia, á loita contra o cambio climático e a divulgación da Axenda2030 da ONU.

Dentro da categoría de Centro Asociado, foi galardoada a iniciativa #PlanetaODS2.0 que presentou un extenso programa de iniciativas para a divulgación de efemérides medioambientais, sociais ou de vida saudable aliñadas coa Axenda2030. A precuela deste proxecto foi un referente de divulgación na provincia de Lugo alcanzando ás 50.000 visualizacións na rede.

**MATRÍCULA.** Xa está aberto o período de matriculación en Formación Permanente da UNED para o curso académico 2021/22. Este estenderase ata o 30 de novembro de 2021, mentres que o prazo extraordinario continuará até o 14 de xaneiro de 2022.

Ademais, tamén está aberto o prazo de matrícula para os cursos semipresenciais e en liña do Centro Universitario de Idiomas Dixital e a Distancia da UNED (CUID). Até o próximo 22 de outubro pódese facer a inscrición sen necesidade de posuír titulación académica.

O CUID imparte 16 idiomas en distintos niveis: alemán, español, francés, inglés, italiano, neerlandés, portugués, árabe, chinés, esperanto, xaponés, Lingua de Signos Española, ruso, catalán-valenciano, galego e éuscaro. Dos cales, inglés, galego, chinés, portugués e alemán impártense no centro de Lugo. Todos os cursos seguen as directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

# A comarca superou o gromo de Sarria que só ten casos residuais



A comarca de Sarria mantense fóra de perigo na evolución do virus, unha vez superado o gromo da vila de Sarria, que estivo incontrolable ate final de verán. No que respecta ao resta da provincia, o gromo escolar de Foz, que afectou a unha zona concreta da poboación, fixo subir de forma súbita os casos pero a situación xa está controlada cunha baixada continua de casos e chegando xa á situación de normalidade.

No resto de concellos da provincia a situación está totalmente controlada con moi poucos concellos con casos e nos que hai sempre por debaixo dos dez enfermos. De feito, quedan menos de 15 con algún caso residual e o resto levan sen positivos dende polo menos quince días.

Aínda así, a situación é boa con pouca hospitalización e un control importante.

A vida social e cultural retomouse con bastante normalidade e cada semana aumentan algo más os aforos. De feito, na última circular de Sanidade, amplíanse os aforos do 75 ao 90% no locais de diferentes eidos sociais, agás no lecer nocturno. Este será o caso dos interiores dos comercios, academias, lugares de culto, instalacións deportivas e actividades culturais. Nestes ámbitos tamén se eliminará o número máximo de persoas que poden realizar actividades en grupo.

No caso dos espectáculos musicais e artísticos con público sentado -tanto en recintos interiores como ao aire libre- poderán ampliar a capacidade de público do 75 ao 90% de aforo. No caso de desenvolverse estas actividades con público de pé, establécese un máximo do 50% para o interior, e amplíase do 33 ao 66% se teñen lugar ao aire libre.

No caso da hostalería, amplíase o número máximo do grupo de persoas en interior que pasa de 8 a 10 persoas, e de 15 a 20 nas terrazas. Os aforos dos locais de hostalería, en nivel dunha cunchiña, quedan fixados no 75% interior e increméntase ao 90% no exterior. No caso dos locais encadrados no nivel de dúas cunchiñas amplíase ao 90% no interior e permanece o 100% nas terrazas.

## Aprobada a proposta para crear a autovía no corredor de Nadela

A Comisión de Ordenación Territorial do Parlamento de Galicia aprobou a proposición non de Lei presentada polo Grupo Socialista para urxirlle á Xunta que execute o desdobramento íntegro do corredor Nadela – Monforte que permita a súa conversión en Autovía. A portavoz de Obras Públicas, Patricia Otero, presentou esta iniciativa para completar unha actuación que "representa a pésima xestión das infraestruturas da Xunta".

A responsable socialista sinala que a infraestrutura acumula "unha retaíla de promesas reiteradamente incumpridas, retrasos inxustificados e partidas que se consignan ano tras ano nos Orzamentos pero que nunca se executan". A última, dixo, foron as declaracións de Feijóo anunciando a futura autovía entre Nadela e Sarria, obviando o tramo Sarria – Monforte e emprazando a un novo adiamento.

Acusou ao presidente da Xunta de "non escoitar aos alcaldes, facer caso omiso das demandas dos veciños e veciñas e incluso dos consellos técnicos, que veñen sinalando dende hai anos o risco que supón manter o tráfico en dobre sentido nunha vía concibida como autovía para circular en sentido único". Así o constatan os continuos sinistros rexistrados nesta estrada, que é un punto negro de sinistralidade viaria na provincia, algúns deles co falecemento das vítimas.

Urxiu ao goberno galego que "non se volvan durmir con estes trámites" e urxiu a rematar unha infraestrutura iniciada polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Aquel Executivo, explicou, realizou actuacións complementarias que permitirían o desdobramento, pero a chegada de Feijóo supuxo unha espera de 6 anos para completar o corredor.

## A Deputación aproba a adxudicación de obras en estradas



*José Tomé Roca*

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación de obras de mellora en tres estradas da provincia por un importe conxunto que alcanza os 245.000 euros.

Na estrada LU-P-5705, que é a que conecta Mazadoiro e San Martiño da Torre, entre Sarria e O Páramo, a Xunta de Goberno aprobou a adxudicación da súa mellora nun tramo de 5 quilómetros por un importe de 75.700 euros e un prazo de execución de 9 meses. Esta estrada conecta uns 15 núcleos da comarca de Sarria e dá acceso a diferentes explotacións agrícolas e gandeiras, polo que as obras supoñerán un beneficio importante para a veciñanza.

## Catro concellos reciben unha subvención para o Plan de acción polo clima

Un total de 4 concellos da comarca de Sarria, 13 lucenses en total, recibirán unha subvención para redactar os Plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (Paces), unha ferramenta de carácter técnico que ten como obxectivo avanzar na loita contra o cambio climático e o quecemento global en clave local.

As subvencións concedidas en Lugo serán para Paradela, Castroverde, Triacastela, O Valadouro, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Ourol, Sarria, Taboada, Vilalba, O Páramo e O Saviñao. Todos eles recibirán unha achega autonómica de 3.000 euros para traballar no seu Paces.

As 13 axudas concedidas na provincia suporán un investimento de preto de 55.000 euros e se cubriron o 100% da solicitudes presentadas tanto en Lugo como no conxunto de Galicia.

# ADIF adxudica a electrificación do tramo Monforte-Lugo


*Estación de tren de Sarria*

O Consello de Administración de Adif autorizou na súa última reunión a adxudicación do contrato para as obras de execución do proxecto construtivo de electrificación do tramo Monforte de Lemos-Lugo, por un importe de 17.249.580,48 euros (IVE incluído) e un prazo de 18 meses.
O contrato, adxudicado á UTE formada polas empresas Moncobra e Teléfonos, Liñas e Centrais, enmárcase nas actuacións promovidas por Adif para a mellora da conexión ferroviaria entre Ourense, Monforte de Lemos e Lugo, co obxectivo de incrementar a súa calidade e fiabilidade.
A actuación consiste na instalación de liña área de contacto entre as estacións de Monforte de Lemos (Porto Seco) e Lugo Mercadorías (liña León-A Coruña), un subtramo que na actualidade non está electrificado.
A nova electrificación abarcará un tramo de algo máis de 73 km, entre os puntos quilométricos (pp. kk.) 363/403 e 436/605 da liña León-A Coruña, correspondentes á saída da estación de Monforte de Lemos e á saída da estación de Lugo Mercadorías. Inclúe a electrificación das estacións de Rubián, Oural, Sarria, A Pobra de San Xiao, Laxosa, Lugo e Lugo Mercadorías.
Instalarase liña área de contacto de 25 kV de corrente alterna, tipoloxía propia das novas electrificacións. Os seus principais características ter catenaria simple poligonal atirantada, formada por un sustentador apoiado e un fío de contacto. A liña de contacto estará compensada mecanicamente de forma independente para o sustentador e para o fío. Ademais, conta cun sistema de retorno de tracción con cable de retorno e carril principal de retorno. A velocidade de deseño da catenaria é de 200 km/h.

**MELLORAS NO TRAMO.** As actuacións de mellora do tramo en servizo Ourense-Monforte de Lemos-Lugo, nas que se enmarca esta adxudicación, teñen como obxectivo cumprir os compromisos de Adif coa mellora das condicións de explotación comercial do traxecto, en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e os tempos de viaxe.
Entre as principais actuacións previstas atópanse a adaptación da infraestrutura ás novas condicións de explotación, o cambio de electrificación de 3 kV a 25 kV no tramo Ourense-Monforte de Lemos e a electrificación a 25 kV do tramo Monforte de Lemos-Lugo, obxecto do presente contrato.
Ademais, xa se atopa en servizo desde abril de 2018 a variante da Pobra de San Xiao, entre Monforte de Lemos e Lugo. Entre os principais beneficios deste novo trazado, dun 7 km de lonxitude, destaca a supresión dos 14 pasos a nivel do anterior trazado, co consecuente aumento da seguridade ferroviaria, viaria e peonil, así como o incremento da velocidade de paso dos trens ata o 160 km/ h.
Todas estas obras contribúen á consecución do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible ( ODS) número 9, que ten entre as súas metas desenvolver infraestruturas fiables, sostibles e de calidade.

## Cortes no tráfico ferroviario

O tráfico ferroviario de viaxeiros entre Monforte de Lemos e Lugo verase interrompido os días 23 e 24 de outubro, debido ás obras de mellora emprendidas por Adif neste corredor. Renfe estableceu plans alternativos de transporte por estrada para os viaxeiros dos servizos afectados.
Adif acometerá durante estes días actuacións en infraestrutura (obras de drenaxe, pasos superiores, noiros de trincheiras e túneles) e vía para permitir a electrificación do tramo entre Monforte de Lemos e Lugo Mercadorías, de 75 km de lonxitude.
Os cortes comezarán ás 22.30 horas do venres 22 de outubro, concluíndo na madrugada do luns 25 de outubro, afectando por tanto aos servizos ferroviarios de viaxeiros do sábado e domingo (23 e 24 de outubro).

**PLAN ALTERNATIVO POR ESTRADA.** Renfe estableceu un Plan Alternativo por estrada para os días 25 e 26 de setembro; así como para as xornadas do 23 e o 24 de outubro:
Tren Alvia con saída de Madrid-Chamartín ás 12:55 horas e chegada a Lugo ás 18:25 horas: os clientes con destino Sarria e Lugo realizan o percorrido por estrada desde Monforte de Lemos.
Tren Alvia con saída de Lugo ás 10:50 horas e chegada a Madrid-Chamartín ás 15:23 horas: os clientes con orixe Lugo e Sarria realizan o percorrido por estrada ata Monforte, desde continuarán por tren.
Tren de Media Distancia con saída de Ourense ás 16:50 horas e chegada a Lugo ás 18:25 horas: os clientes con destinos Sarria e Lugo realizan o percorrido por estrada desde Monforte de Lemos.
Tren de Media Distancia con saída de Lugo ás 10:50 horas e chegada a Ourense ás 12:24 horas: os clientes con orixe Lugo e Sarria realizan o percorrido por estrada ata Monforte, desde continuarán por tren.
Tren de Media Distancia con saída de Monforte de Lemos ás 7:30 horas e chegada ás 10:10 horas á estación da Coruña: realízase por estrada o percorrido entre desde Monforte de Lemos ata Rábade.
Tren de Media Distancia con saída da Coruña ás 6:38 horas e chegada ás 10:05 a Ourense: realízase por estrada o percorrido entre Rábade e Ourense.
Tren de Media Distancia con saída de Ourense ás 11:50 horas e chegada ás 13:28 horas a Lugo: realízase por estrada a totalidade do percorrido.
Tren de Media Distancia con saída de Lugo ás 15:00 horas e chegada a Ourense ás 16:34 horas: realízase por estrada a totalidade do percorrido.
Tren de Media Distancia con saída de Ourense ás 19:52 horas e chegada á estación da Coruña ás 23:13 horas: realízase por estrada o percorrido entre Ourense e Rábade.
Tren de Media Distancia con saída da Coruña ás 19:35 horas e chegada ás 22:33 horas á estación de Monforte de Lemos: realízase por estrada o percorrido desde a estación de Rábade ata Monforte de Lemos.

**MEDIDAS POSVENDA.** Ofrécese a posibilidade de anular os billetes ou cambialos sen custo adicional (se é para a mesma clase, no caso de modificalos), se as novas condicións de viaxe non se axustan ás necesidades dos clientes.

# A comarca de Sarria xa conta con Servizo de Atención Temperá

A agrupación dos Concellos de Sarria, Láncara, Triacastela, O Páramo, Paradela, Samos e O Incio xa contan con Servizo gratuíto de Atención Temperá para aqueles nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos, nos que exista unha sospeita dalgún trastorno do desenvolvemento, ou risco de padecelo e, tamén as súas familias.
Desta maneira, é preciso que cando existan indicios de dificultades no desenvolvemento, vulnerabilidade ou outra circunstancia que afecte de maneira negativa ao desenvolvemento do neno ou nena, se trasladen



as preocupacións ao servizo de pediatría para iniciar os trámites necesarios.
O equipo do Servizo de Atención Temperá está formado por un mestre psicomotricista, unha psicóloga, unha logopeda e unha pedagoga, especializados neste tipo de cuestións.
Este servizo atópase en Sarria, nas dependencias do colexio Nuestra Señora de la Asunción e, para contactar pódese facer a través do número de teléfono 648 174 682, no enderezo electrónico sat.gruposarria@coescoformacion.com ou indo á ubicación en horario de luns, martes e mércores de 10.30 a 12.30 ou de 15.30 a 18.30 e xoves e venres de 8.30 a 12.30 horas.

# Inician nunha campaña de protección para as peregrinas do Camiño

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou de que 296 puntos do Camiño de Santiago na provincia contan con recursos para previr calquera tipo de violencia contra as peregrinas a través da campaña #NoCaminasSola. Trátase dunha iniciativa impulsada polas unidades contra a Violencia de Xénero das comunidades autónomas polas que pasa o Camiño de Santiago para reforzar a protección das peregrinas.
Isabel Rodríguez presentou a campaña na provincia nun acto que tivo lugar no cuartel da Garda Civil de Castroverde. Xunto coa subdelegada participaron no acto o alcalde de Castroverde, José María Arias, o presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia, Alejandro Sánchez; o coronel xefe da Comandancia da Garda Civil, Miguel Ángel González Arias, e a xefa da Unidade contra a violencia sobre a muller da Subdelegación do Goberno, María Luisa Castro.
A subdelegada destacou que "o Goberno puxo en pé esta campaña dentro das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero e como apoio á seguridade das mulleres que fan o Camiño".

# As instalacións deportivas de Láncara serán gratuítas para os empadroados no Concello

Todas aquelas persoas que estean empadroadas no propio concello, poderán empregar as instalacións deportivas municipais sempre que o desexen sen ter que pagar ningún tipo de taxa.
Anteriormente, segundo o rexedor lancarés, Darío Piñeiro, todas aquelas persoas que usaban estas zonas debían pagar unhas taxas, independentemente que foran do concello ou non. Por iso, no último pleno do Concello de Láncara acordouse cambiar esta situación.
As instalacións deportivas mencionadas son: o pavillón municipal da Pobra de San Xiao de Láncara e as pistas de pádel.
Por outro lado, Piñeiro sinalou que no último pleno tamén se aprobou unha bonificación fiscal a todas aquelas persoas que dispoñan de vehículos eléctricos ou híbridos. Desta maneira, haberá distinción entres ambos: se son vehículos eléctricos ao 100%, darase unha bonificación do 75% e se son híbridos, a bonificación será do 50%. Este é, segundo Darío, o máximo que permite a lei de bonificado.



*Darío Piñeiro, alcalde de Láncara*

# O alcalde quere aumentar os servizos que se prestan á infancia

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, recolleu o diploma da Casa Niño As pegadas máis enxebres, coa que o Concello colabora xa que as instalacións que a albergan son municipais.
Actualmente o Concello de Láncara conta con dúas Casas Niño que se fan insuficientes ante a gran demanda que hai. De feito, no Concello contan con 47 nenos e nenas en idades comprendidas entre 0 a 3 anos.
Ante a gran demanda existente o Concello de Láncara levará unha proposta ao pleno para reiterar á Xunta de Galicia a construcción dunha galiña azul na Pobra de San Xiao.



Dende o Concello tamén se vai facer chegar unha carta á casa dos nenos e nenas en idades comprendidas entre 0 e 3 anos para que todos aqueles pais, nais e titores que o desexen poidan anotarse para traer os nenos e nenas dúas horas semanais ao Espazo de Familias, que se levará a cabo no local da pranta baixa da Casa Consistorial e que será totalmente gratuíto para as familias.



*Centro de saúde de Láncara*

# Invisten 12.000 euros en obras de mellora do centro de saúde

O portavoz do grupo municipal popular de Láncara, Santiago Cubillas, pon en valor a actuación de mellora que a Xunta está a levar a cabo no centro de saúde da Pobra de San Xiao porque permite "manter en boas condicións de conservación estas instalacións sanitarias do noso municipio".
O Goberno galego inviste máis de 12.000 euros nestas actuacións que comprenden a corrección de deficiencias do revestimento exterior das fachadas e o seu acabado con imprimación e posterior aplicación de pintura impermeable.
As obras inclúen a revisión da cuberta, canlóns e baixantes, polo que "esta mellora contribuirá a acondicionar o edificio do centro de saúde protexido fronte ás filtracións de auga e a humidade".
Tamén se substituirá a mangueira de toma de gasóleo para a calefacción.
Cubillas sinala que "a Xunta continúa a dirixir partidas orzamentarias para o municipio de Láncara contribuíndo ao mantemento de instalacións e da prestación de servizos públicos de titularidade autonómica no noso concello".

# Dúas asociacións locais participan no programa Coñece a túa provincia



*A viaxe de veciños de Río Pombo de Láncara*

A asociación de veciños Río Pombo de Láncara visitaron o sur de Lugo co programa Coñece a túa provincia da Deputación de Lugo.
Os lancareses viaxaron ata Quiroga logo de coñecer o Pazo de San Marcos; percorreron o Museo Xeolóxico quirogués e subiron ata o miradoiro de Campodola, pararon nunha adega da subzona Quiroga-Bibei e remataron a viaxe no Castelo de Torrenovaes.
O programa Coñece a túa provincia, incluído no Plan de Impulso de Economía da Provincia de Lugo, beneficiará a máis de 1.200 persoas de 62 asociacións e colectivos lucenses ata o vindeiro 10 de novembro.

**VAL DE LÁNCARA.** Por outra banda, A Asociación Cultural Val de Láncara informa que o Concello de Láncara acollerá o programa Coñece a túa provincia, posto en marcha pola Deputación de Lugo. Esta iniciativa ten o obxectivo de que os veciños e veciñas dos diferentes Concellos de Lugo coñezan o patrimonio natural, cultural e gastronómico da provincia de Lugo.
A actividade, que engloba a visita a Barreiros, a Ribadeo e a un centro da Deputación, é de balde e inclúe transporte, guía acompañante e xantar. A data na que se levará a cabo é o 19 de outubro e a saída será dende o bar Benita de Láncara.
As prazas son limitadas e os socios da Asociación Val de Láncara terán preferencia. Así pois, para máis información ou para realizar a inscrición, pódese chamar ao número de teléfono 691 175 650.




## Comezou un novo curso de música e baile na Asociación Val de Láncara

A Asociación Cultural Val de Láncara comezou un novo curso o día 2 de outubro. Desta maneira, todas aquelas persoas que desexen aprender ou practicar baile e música tradicional, poderán inscribirse nestas clases organizadas pola Asociación e polo Concello de Láncara.
Así pois, haberá aulas de música -gaita, tambor, pandeireta e bombo-, baile e pandeireta e canto tradicional.
Ademais da categoría de maiores, este novo curso 2021-2022 oferta tamén categoría infantil, para que os máis pequenos e pequenas se vaian formando e vaian adquirindo coñecementos destas disciplinas. Esta categoría, pola súa beira, está sometido á formación do grupo.
Para máis información ou para inscribirse pódese contactar no número de teléfono 686 645 830.

# Aproban o suplemento de crédito para a compra dos terreos do tren

## A finalidade da compra deste espazo na Pobra é reformar as instalacións

O pleno do Concello de Láncara aprobou un suplemento de crédito para a adquisición dos terreos e da antiga edificación do ferrocarril situada na Pobra de San Xiao. Desta maneira, vanse comprar 21.000 metros cadrados, nos que se atopan a antiga estación de ferrocarril, o almacén e os terreos que hai ao redor, que van dende un paso de nivel a outro.

Actualmente, todos eses terreos pertencen ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias -Adif- e o Concello xa acordou e está pendente de firmar o convenio para cambiar a titularidade. Esta operación, segundo o alcalde do Concello de Láncara, Darío Piñeiro, foi unha operación custosa, longa e complicada, que acabou cun resultado positivo.

Por outro lado, non se mencionou a contía pola que se adquiren estes terreos que supuxeron un suplemento de crédito neste último pleno.

A finalidade da compra deste espazo é reformar as instalacións e facer unha mellora importante nos accesos e conexións co centro urbano da Pobra de San Xiao.

Así mesmo, Darío Piñeiro informa de que xa existe un plan especial -ao que lle queda tan só a aprobación definitiva da Xunta de Galicia- onde se contempla un espazo de zonas verdes, así coma unha rotonda que conecte a estrada LU-546 coa rúa Benigno Quiroga e a rehabilitación da estación e do almacén de ferrocarril para empregalo, entre outras cuestións, para actividades de carácter cultural.

Sen embargo, mentres a titularidade non sexa do Concello de Láncara definitivamente, non se pode executar ningunha obra, nin tampouco pedir subvencións de ningún tipo.

Segundo Piñeiro, esta actuación é de gran magnitude e, de feito, sinala que "creo que é a xestión máis importante deste concello na súa historia". Ademais, tamén considera que é "unha pena que se perdera o tren xa que tería que haber continuado a súa actividade por Láncara". Por tanto, actualmente considera que esta operación é fundamental e defende tamén a importancia de adecentar uns terreos que se atopan en estado de abandono.





*Plano do proxecto e vellas instalacións do ferrocarril na vila*

o páramo

# O Goberno local adquirirá maquinaria para diferentes traballos

O Concello do Páramo ten previsto investiar algo máis de 48.000 euros de orzamento para adquirir maquinaria que serva para realizar diferentes traballos de mellora do medio ambiente e protección do espazo natural.

Desta maneira, comprarase un vehículo equipado con cesta elevadora e unha desbrozadora de brazo lateral. No primeiro caso dedícanse algo máis de 30.000 e, no segundo, que aínda está en fase de contratación, ten un custo máximo de 18.000 euros.

Así pois, todas aquelas empresas que estean interesadas en concursar na licitación, poderán presentar as ofertas ata o vindeiro luns 18 de outubro. Dende o día da contratación, a empresa deberá entregar as adquisicións nun prazo de sete días.

# O Concello mantén o servizo de encontros familiares

O Páramo mantén o servizo de encontros semanais coas familias, no programa denominado *Espazos das familias. Preescolar na casa.*

Este concello da comarca de Sarria, en colaboración coa Asociación socio-educativa Antonio Gandoy, axuda a formación e intercambio de experiencias coas familias con nenas e nenos ata os 6 anos.

Estes encontros son semanais e tratan de formar e de compartir momentos de lecer entre familias. Así pois, para todas aquelas persoas que precisen máis información poden achegarse os martes ás 11 horas no Concello do Páramo.

Ademais, poden chamar ao número de teléfono 676 427 643 ou ao 607 804 823 para calquera dúbida ou escribir ao enderezo electrónico antoniogandoyeducacion@gmail.com

paradela

# Presentado o anteproxecto do Plan de Mobilidade Sostible

O Concello de Paradela dá a coñecer o anteproxecto do Plan de Mobilidade Sostible da vila. O obxecto deste Plan de mobilidade é a incorporación da mobilidade na planificación para afrontar os problemas existentes á comprensión da mobilidade coma un concepto intensamente involucrado en diversos aspectos da vida urbana, resultando determinante para a calidade de vida.




Este Plan de Mobilidade Sostible da resposta aos retos xa identificados na Estratexia de Revitalización Local de Paradela en materia de mobilidade, aliñándose aos obxectivos e directrices propostas en dito documento, elaborado en Novembro de 2020.

O concepto de mobilidade cambiou para adaptarse ás novas realidades territoriais e sociais adoptando unha visón complexa, multimodal e multidimensional. Así, a superación do concepto ligado ao transporte urbano obrigado por motivos laborais e de viaxeiros e mercadorías baseado no automóbil, dá paso a unha visión ligada ao dereito da cidadanía para ter accesibilidade ás actividades desenvolvidas sobre o territorio, sexan estas laborais ou de lecer, empregando o modo que mellor satisfaga as súas preferencias.



Esta situación xunto co crecemento do nivel de motorización e os efectos ambientais e sociais que ten o actual modelo de mobilidade require buscar unha modificación na repartición modal para alcanzar unha mobilidade máis sostible.

No que respecta por exemplo á mobilidade peonil, Paradela fixo nos últimos anos un esforzo importante no que respecta a a adecuación da súa rede de senllas peonís e apertura de roteiros novos, por exemplo o paseo fluvial da Ruxidoira no centro da vila, os roteiros do Loio e de San Facundo así como varias obras de adecuación e mantemento no Camiño de Santiago.

o incio

## Rematada a rehabilitación da estrada que vai a Bóveda

Xa remataron as obras de rehabilitación do firme nun treito da estrada LU-644 (Rubián-Cruz do Incio), nas que se investiu 285.000 euros.

Así pois, explicouse que permitiron actuar nun tramo de 10 quilómetros entre os municipios de Bóveda e O Incio, en concreto dende o punto quilométrico 0,880 ata o 10,990.

A actuación levouse a cabo durante o último mes, con cargo ao contrato de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona sur. Consistiu na mellora da capa de rodaxe mediante a execución dun microaglomerado en frío e o posterior repintado da sinalización horizontal.z

Con esta intervención melloráronse as condicións de adherencia do pavimento, a visibilidade e a seguridade da vía en xeral. Neste sentido, destacouse que se realiza un labor constante de mantemento da rede viaria autonómica coa fin de proporcionarlle unhas estradas máis seguras e cómodas aos cidadáns.

# Melloran o suministro eléctrico cun investimento de UFD



O Concello do Incio mellora a calidade da subministración eléctrica do municipio grazas a un investimento de UFD, a empresa de distribución eléctrica de Naturgy, de preto de 200.000 euros.

A eléctrica investirá preto de 200.000 euros en actuacións e obras de mellora da rede de Baixa e Media Tensión no Concello do Incio. En concreto, a compañía destina 40.000 euros ao proxecto de mellora da liña de Media Tensión que dá servizo á parroquia de Trascastro e ás aldeas limítrofes. UFD, que contou coa total colaboración por parte do Concello, iniciou a pasada semana os traballos de substitución de apoios e adecuación e reforzo desta liña de Media Tensión, de case un quilómetro.

Os traballos, que durarán entre 2 e 3 semanas, suporán unha importante mellora na calidade da subministración eléctrica aos lugares de Trascastro, Moura, A Ferrería, Airela, Hospital, Pena, Dontide y Dompiñor.

Así mesmo, UFD ten previsto un investimento de 150.000 euros na construción dun novo centro de transformación, con maior potencia, no núcleo urbano do Incio, así como o soterramento da rede de baixa tensión asociada ao transformador para garantir a calidade do servizo no municipio. Por outra banda, tamén se instalarán dous telecontrois para mellorar a manobra a distancia dos interruptores e así localizar máis rapidamente o punto dunha incidencia e diminuír así os tempos de interrupción.

UFD fixo un importe esforzo nos últimos anos en innovación e aplicación de novas tecnoloxías para avanzar na telemedida e telexestión dos puntos de subministración, no telecontrol, a automatización e sensorización das redes, así como no robustecemento das infraestruturas e integración das redes de comunicación e sistemas de información coa rede convencional para optimizar a súa explotación.

A compañía inclúe cada ano no seu plan de investimentos actuacións e iniciativas para potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica e mellorar a rede de distribución eléctrica, especialmente en zonas rurais, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios e á mellora das súas condicións de vida.

# Apoio á paralización do parque eólico A Boibela



O BNG do Incio asistiu a varias xuntanzas con persoas particulares e colectivos de defensa do territorio, para avaliar o impacto dun proxecto eólico. A pesar de que, os nacionalistas do Incio cren que "cómpre facer públicos os datos obxectivos do que había proxectado e sobre o que a alcaldía tardou en pronunciarse, medindo os tempos e as normativas europeas, motivo polo que esta semana fixeron entrega das sinaturas recollidas durante semanas, nunha campaña na que solicita ao alcalde unha posición clara e pública do Goberno Municipal en contra do Parque Eólico da Boibela que se proxecta na zona máis agreste e conservada do concello".

A deputada nacionalista do Incio, Carme Aira e o responsábel local Xosé Moscoso fixeron entrega de case 100 sinaturas que avalan un escrito no que se relatan os danos patrimoniais dunha zona aínda sen catalogar na súa totalidade. A instalación do parque non respecta ningún elemento protexido polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, nin os monumentos histórico-artísticos ou BIC.

Carme Aira explica que "a perviencia do concello depende de que nel se instale poboación, que se xere un tecido socioeconómico en torno a actividades de respecto ao medio que atraian turismo de calidade, o cal é incompatibel cos eólicos. Está estudado e demostrado que eólico é igual a desertización"

José Moscoso, polo seu lado, comenta que "as pequenas iniciativas son as que nos traerán futuro, por isto é fundamental rexeitar empresas que deterioren o medio, é inmprescendible que esa alcaldía se manifeste en contra publicamente deste tipo de empresas ou de outras similares que no futuro queiran instalarse."

Dende o BNG celebran as declaracións do alcalde a favor do patrimonio que cualifican de "morno", polo que insisten en pedir ao Goberno Municipal un posicionamento "público, claro e rotundo en contra do citado Parque e que veña acompañado das medidas necesarias para evitar o que podería ser o maior atentado histórico natural do concello". "Ademais de lembrar que foi a recente declaración de Reserva da Biosfera que parece ter propiciado, e non tanto o soberano posicionamento dun goberno municipal que debe protexer a xente e o territorio" sinalan.

## Clausurada a última edición do obradoiro de emprego



*Acto de clausura do obradoiro de emprego*

Clausurado o obradoiro de emprego compartido polos concellos do Incio, Bóveda e A Pobra do Brollón, que formou a 20 alumnos na especialidade de Actividades auxiliares de conservación e mellora de montes. No acto tamén estiveron os respectivos alcaldes, Héctor Corujo, José Manuel Arias e José Luis Maceda.

No acto, destacáronse as oportunidades laborais e de emprendemento que ofrecen os obradoiros en eidos con boas perspectivas no mercado de traballo, como é o caso do sector forestal. Salientou que os integrantes se benefician dun contrato laboral mentres participan na iniciativa, que combina ensinanzas teóricas e prácticas.

Os participantes levaron a cabo numerosas actuacións en sendas, camiños municipais, pistas forestais e zonas verdes dos tres municipios. Entre outras, no Incio traballaron na conservación e mellora da ruta do Ferro e as sendas á Casa de Papel e ao Foxo dos Lobos; na Pobra do Brollón fixeron mantemento nas sendas das minas dos Medos e da Veneira, na ruta da Castaña e do Mel e en diversas rutas BTT; e en Bóveda actuaron na parcela do colexio, no campo da festa da Ribeira e en pistas forestais de varias parroquias.

## O Concello oferta varias actividades extraescolares

Entre a ANPA do CEIP Ricardo Gasset e o Concello ofertan varias actividades extraescolares para este curso. Desta maneira, as actividades ofertadas son inglés, clases de axuda cos deberes, patinaxe e música en movemento. Estas dúas primeiras opcións, inglés e axuda cos deberes, será os martes e xoves.

No caso da patinaxe será os xoves de 16.30 a 17.30 horas para os nenos do CEIP Ricardo Gasset e, no caso dos da ESO, o horario será de 17.30 a 18.30 horas.

Os sábados será o turno de música en movemento para nenos e nenas de 3 a 6 anos. Así pois, a isto hai que engadir que tamén haberá música tradicional, un grupo de gaita e outro de percusión para nenos e nenas a partir dos 7 anos.

Ademais, as actividades de música e patinaxe están abertas para todos aqueles que queiran participar, as demais son exclusivamente para o alumando do CEIP Eduardo Gasset.

Todas aquelas persoas que estean interesadas e que teñan algunha dúbida ou precisen máis información poden chamar ao Concello do Incio no número 982 427 014.

# "Traballamos na recuperación dos soutos tradicionais da zona"

## Héctor Corujo, alcalde do Incio, fai unha análise da situación do Concello



*Héctor Corujo, alcalde do Incio*

Héctor Corujo, alcalde do Incio, comenta diferentes temas de actualidade relacionados coa vila e co rural.

**Que destacaría do Incio frente a outros concellos?**

Do Incio destacaría a súa situación na provincia, xa que considero que, orograficamente e xeograficamente é un Concello de transición entre os vales de Monforte e Sarria e as montañas de Cobarelas, serras orientais de Galicia.

O Incio é un concello que cara o oeste forma parte destas chairas mencionadas anteriormente e que, cara o leste, a paisaxe cambia ao de media montaña. Esta paisaxe únenos a todos nese sentido. Por esta razón destacaría que temos un espazo de montaña moi ben conservado, uns valores e uns recursos medioambientais e paisaxísticos importantes. De feito, O Incio é unha das poucas zonas de Galicia, por desgraza, na que agora mesmo se poden ver unhas extensións de soutos e de bosque tradicional considerables. Por iso, penso que aquí contamos cun valor moi notable e cunha potencialidade importante en aspectos que poden ser, por exemplo, o cultivo das castañas.

**Cales son os principais atractivos do Concello?**

Falamos de valores medioambientais e de valores paisaxísticos e, a isto, pódenselle engadir valores culturais. Isto é porque temos unha riqueza destacable en arte románico e temos varias igrexas importantes. A que máis destaca sen dúbida é a de San Pedro Fiz do Hospital, que é BIC. Aínda que si que é certo que, recentemente, tamén declararon BIC a igrexa da Cruz do Incio. Esta, a diferenza da primeira, é unha igrexa de arte contemporáneo que se fixo en 1960 e que ten arquitectonicamente uns valores moi destacables.

Ademais, temos un montón de castros e petróglifos. De feito, en canto a isto último, temos un proxecto con Samos e con Sarria nun espazo que compartimos os tres concellos en Santa Mariña, sobre un conxunto de mámoas que, segundo entendidos, é un dos máis importantes de Galicia e incluso de Europa.

**Como está vendo o turismo no Incio despois da pandemia?**

Temos un espazo que está tendo moito éxito en canto a turismo que é o embalse de Vilasouto. Este embalse creouse evidentemente coma un espazo para a rega do Val de Lemos. Sen embargo, si que é certo que é un embalse particularmente bonito. É pequeno en relación a outros pero está integrado no entorno e, de feito, se non te fixas na presa case parece que non é un embalse, senón que é un lago natural.

Dende a pandemia notamos que hai moitas persoas que o visitan e que ten un entorno a modo de praia fluvial. A xente vai alí a tomar o sol, a pasear, a pescar... Por esta razón e, ao considerar o atractivo e a potencialidade da zona dende un primeiro momento, conseguimos que fora navegable. Tan só falta que se acometan unhas obras de perimetración da valla, dunha zona que pode ser perigosa, para que se poida empregar para navegar. A navegación está limitada a vela ou a remo, en ningún caso a motor, o que abre un importante abanico de actividades. De feito, un par de clubes de piragüismo, un de Lugo e un de Monforte, xa se puxeron en contacto con nós polo interese que teñen en empregar ese espazo para realizar deporte.

Ao mesmo tempo, estamos intentando acordar coa Consellería de Medioambiente, o feito de darlle continuidade á ruta de Vilasouto. O que temos en mente é facela circular e que bordee todo o embalse para poder iniciala onde queiras e poder volver a ese punto sen necesidade de ter que dar marcha atrás. En vistas ao turismo, este é un dos espazos que estamos vendo que máis demanda ten e que conta cun interese importante, por iso queremos traballar niso para potencialo no posible.

Hai que engadir tamén un par de rutas que hai no concello: a ruta do Mamut e a ruta do Ferro. A nivel paisaxístico, quizais é máis interesante a do Ferro, xa que o espazo é máis atractivo. Sen embargo, a ruta do Mamut ten un interese enorme xa que pasa ao lado dunhas canteiras de roca calcaria onde apareceron os únicos restos de mamut que se atoparon en Galicia. Actualmente tamén hai unha reprodución en forma de estatuas duns mamuts.

**Visto o éxito do embalse de Vilasouto, hai algunha actuación programada na zona?**



Agora mesmo non temos ningunha data para dicir. Sen embargo si que estamos en contacto con escolas de piragüismo e incluso con persoas que teñen interese en montar un negocio de alugar pedaletas. Polo momento non hai nada pechado e estamos vendo e traballando as distintas posibilidades que abre o escenario de poder navegar o embalse.

**Que aspectos considera que se deben de mellorar na vila?**

O Concello do Incio, como moitos do sur de Lugo, ten un problema demográfico grave e é a alta idade media dos nosos habitantes xunto coa despoboación. A realidade é que, dende fai anos, a xente estase indo para vilas e cidades e isto marca claramente o que é a vida no concello e dificulta enormemente o tema da súa xestión. Ao final, intentas levar servizos como son a recollida de lixo, o abastecemento da auga ou o saneamento a un grupo moi reducido de persoas que, evidentemente, teñen o mesmo dereito ca zonas onde hai máis poboación. Sen embargo, si que é certo que o custe de achegar eses servizos a un pobo que tan só teña dous veciños, multiplica por moito o dun pobo que estea máis concentrado. A isto hai que sumar que no colexio teñamos unhas cifras pequenas e que teñamos que loitar todos os anos co tema da inscrición do profesorado e intentando que persoas con pequenos se matriculen no centro xa que, ao fin e ao cabo, estas cifras non son óptimas.

> **"Os principais atractivos do Incio son os seus valores medioambientais e paisaxísticos ademais dos culturais"**

**Que solucións considera que podería haber?**

Realmente é complicado porque isto non é unha cuestión do Incio, nin de Lugo, nin de Galicia... Se tivésemos unha financiación de verdade e non estivéramos totalmente tutelados, e digo tutelados porque dependemos absolutamente doutras administracións que te subvencionan as cousas, igual se poderían deseñar políticas para atraer xente, fomentar a natalidade, bonificar a veciños... políticas que incentiven ás persoas para que volvan ao rural. Sen embargo, sen ter cartos é moi difícil implantar este tipo de políticas. Ao final, o tema da financiación estanos condicionando de forma absoluta e as administracións deberían implicarse máis para que a xente sentira de verdade que vivir nas aldeas ten algunha vantaxe fronte a vivir en vilas ou en cidades.

**Que plans de futuro hai para O Incio?**

Estamos traballando na recuperación de soutos tradicionais. Paréceme fundamental conservar a paisaxe que temos e os recursos medioambientais e, para conservar os soutos, telos que usar. Agora mesmo temos un montón de soutos que están abandonados xa que a xente nin os poda, nin recolle castañas, polo que ves como pouco a pouco van morrendo. Hai que ter en conta que os soutos non son entes naturais e que, ao final, foron creados pola man do home, polo que a forma de explotalos é artificial. Por iso, o que nos gustaría é que se volvesen a coidar eses soutos por unha dobre función: a medioambiental e paisaxística e a maiores, a económica. Pero para que iso se coide, é preciso que os propietarios dos soutos vexan con claridade unha rendibilidade económica. Penso que todo o mundo é consciente da importancia de conservar estes espazos, sen embargo, si economicamente non dan a mesma rendibilidade que outro tipo de plantacións, o resultado é que acaben abandonados. Por iso, considero fundamental que as administracións, dalgunha maneira, compensen esa esixencia económica dos soutos ou ver que o mercado, se fose posible e sendo o desexable, sexa atractivos para que os donos cheguen a ver interesante a explotación dos soutos.

**Estase a realizar ou tense programada algunha actuación na Aldea Modelo de Trascastro?**

A Aldea Modelo é un primeiro paso na liña de recuperación de terras abandonadas. En Trascastro o que se fixo, foi recuperar 14 hectáreas que estaban a monte e que estaban perimetrando a aldea. Ao limpala e darlle un uso gandeiro xa se fai un uso rendible das terras, ademais de axudar noutras cuestións. Este é o primeiro paso para ir recuperando o noso rural e para darlle as ferramentas á xente para que poida vivir aquí. A cuestión está en incidir en actuacións dese estilo.

Outro problema que vexo no rural é a estrutura da propiedade que no seu momento puido ser moi boa. Sen embargo, non é unha solución acorde ao que é a produtividade actual en gandaría e agricultura, na que se precisar grandes superficies para traballar de maneira cómoda e produtiva. De feito, a lei de recuperación de terras que se aprobou recentemente é o que intenta paliar. A Aldea Modelo é unha das figuras que contempla esta lei para a recuperación de terras, que ten como obxectivo darlle vida ao rural para que poida ser traballada de forma rendible, sen falar de figuras agresivas nin de expropiacións.

# O embalse de Vilasouto xa é navegable

## O Concello logrou da CHMS a distinción oficial e afirma que apostará polo desenvolvento da zona como lugar de lecer e turismo

O Goberno do Incio vén de lograr a navegabilidade do embalse de Vilasouto, cuxa petición presentou formalmente no verán do ano 2019 á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O alcalde, Héctor Corujo, considera que "é un día moi importante para o noso Concello polas posibilidades que se abren a partir de agora no embalse, sobre todo pensando no tempo de lecer e no seu aproveitamento para o turismo ou deportivo". Tanto é así, explica, que o Goberno local xa prepara algunha actividade no embalse para celebrar, en canto sexa posible, que a petición fora adiante.

Na súa resolución con data do 6 de setembro, a Confederación explica que "as actividades de navegación e/ou flotación que se poidan desenvolver no encoro de Vilasouto non se consideran susceptibles de xerar afección na calidade da auga que implique unha deterioración nos resultados da avaliación do estado químico e do potencial ecolóxico da masa de auga, sempre que: se realicen en embarcacións a veta e/ou remo, pero excluíndo o uso de motor"

O escrito aclara que se permite unicamente a navegación a vela e a remo debido a que nesta presa sitúase a toma para o abastecemento ao termo municipal de Bóveda. Así mesmo, ao ser unha presa vinculada tamén cun aproveitamento de rega puidese darse o caso que en determinadas épocas do ano non calase suficiente para o seu exercicio ou ben o acceso para o exercicio para a navegación ou flotación sexa difícil ou imposible.



*Unha vista do embalse de Vilasouto, entre O Incio e Bóveda*

Neste mesmo documento tamén se precisa que non se poderá exercer a navegación e/ou flotación nos perímetros balizados respecto diso, así como dentro da zona onde se pode exercer a navegación e/ou flotación deberá ter especial coidado cos esqueletos de árbores que non se tallaron antes do enchido e que afloran durante os períodos no que a cota está baixa.

## Un plan de emerxencia para a presa

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil celebrou unha reunión do Comité de Implantación do Plan de Emerxencia da Presa (PEP) de Vilasouto, para explicar a proposta de programación de actividades de difusión dirixidas á poboación das zonas próximas.

Como complemento a esta reunión, realizouse un encontro cos alcaldes de Bóveda e O Incio para explicarlles en que consiste o citado Plan de Emerxencia e comezar, tamén, a coordinación cos rexedores sobre as actividades de difusión do mesmo.

O obxectivo dos PEP é dispoñer dun instrumento que permita responder de maneira coordinada no moi remoto e improbable caso de que se presente unha situación de emerxencia.

Un Plan de Emerxencia de Presas (PEP) é un documento técnico para mellorar a seguridade que recolle as estratexias de detección, intervención e actuación para o control de situacións de emerxencia, establecendo as normas de actuación en cada situación concreta ou escenario. A necesidade de dispoñer do mesmo é unha obrigación legal, establecida no seu momento polo xa derrogado Regulamento Técnico de Seguridade de Presas e Encoros, e vixente nas actuais Normas Técnicas de Seguridade para as presas e os seus encoros.

"Cabe apuntar dúas cousas, por unha banda, indicar que as presas españolas son moi seguras e que se atopan controladas de maneira permanente por persoal cualificado e, por outra banda, hai que facer fincapé en que os Plans de Emerxencia incrementan a seguridade e han de entenderse como un plus de tranquilidade á poboación", concluíu o presidente.

samos

# Aprobada unha modificación de crédito para varias obras

O Pleno de Samos aprobou unha modificación de crédito para unha serie de obras que se van executar. Estas obras que se tratan na modificación do pleno son: un asfaltado no centro de Lamas, o acceso ao castro de Loureiro, o acceso á Ferrería, o empalme de Castroncán, unha obra en Romelle, o acceso a obra do Covallo e unha praza en Renche, que contan cun presuposto de 132.947,96 euros.

Ademais disto, vaise ampliar o capital para poder comprar unha retroescavadora, que xa se sacara a concurso pero que, sen embargo, quedara deserta. Xunto a iso e, según o alcalde de Samos, Julio Gallego, tamén se tratará a reparación do reloxo antigo que se atopa na praza do centro da vila e que se presupuestou en 14.570 euros para a súa reparación.



*Julio Gallego Moure*

Por outra beira, continúan as obras nas pistas financiadas polo Plan Único entre as que se atopan o acceso a Teivilide, unha zona no casco urbano da parroquia de Montán e unha reparación de cemento no pobo e na pista de Formigueiros; entre outras.

Finalmente, dende o Concello sinalan que están pendentes de montar outro caixeiro -actualmente está en funcionamento o de Correos xa que non hai ningunha oficina na vila-. Esta cuestión aínda está por resolver por parte da Xunta xa que xa contan cun local que o Concello puxo a súa disposición e, actualmente, queda que se adxudique a unha entidade e se monte.

# Chegan varias actuacións musicais en outubro e impulsarán o deporte

O Concello de Samos acolle unha serie de actuacións musicais neste mes de outubro. Desta maneira, o primeiro espectáculo foi o 3 de outubro, no que actuou a charanga de Vilalba. O seguinte concerto programadoserá o domingo 17 chega a Samos a charanga NBA.

Unhas xornadas nas que poder gozar de música de maneira segura e cun ambiente ameno e de lecer. Así mesmo, todos os pasarrúas mencionados anteriormente realizaranse a partir das 12 horas con todas as medidas sanitarias correspondentes.

Estes concertos encóntranse dentro do programa Resoando no Camiño Francés.

**DEPORTE.** Por outra banda, o Concello acordou no último pleno incluír no próximo plan único da Deputación de Lugo, unha solicitude para unha partida para a promoción do deporte en Samos.

Así pois, a vila conta cun equipo de fútbol sala, o Samos FS que compite actualmente en primeira autonómica e que xa comezou a adestrar, despois dun ano sen facelo a causa da situación sanitaria. Xunto a este club, tamén se atopa como representante do deporte da vila un club de automobilismo.

triacastela

# A vila, primeira parada da programación Toponimízate


*Unha das vistas emblemáticas de Triacastela*

Triacastela foi a primeira parada da programación deste outono da campaña Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra. O coordinador da unidade técnica de toponimia da Real Academia Galega, Vicente Feijoo, impartiu na tarde de onte, na carpa situada xunto á Casa do Concello, unha charla sobre o funcionamento da aplicación colaborativa Galicia Nomeada e a orixe e o significado dos topónimos deste municipio lugués, cuxo nome fai referencia á existencia de tres pequenos castros no territorio.

O percorrido pola orixe e o significado dos nomes de Triacastela co que Vicente Feijoo pechou a súa intervención conta coa colaboración do académico correspondente e profesor da Universidade de Vigo Gonzalo Navaza, membro do Seminario de Onomástica da RAG. Antes, ofreceu unha aproximación á riqueza toponímica de Galicia e explicou o funcionamento da aplicación colaborativa Galicia Nomeada, coa que a veciñanza pode engadir na plataforma os microtopónimos que coñeza, nomes tradicionais de veigas, chousas, leiras, devesas, fontes ou penedos que constitúen un patrimonio inmaterial único.

Galicia Nomeada conta xa, dende a súa posta en marcha en decembro de 2019, con máis de 2.200 usuarios colaboradores que compartiron preto de 31.000 nomes de lugares. As sesións de Toponimízate permiten tamén coñecer as utilidades prácticas para a administración pública, o mundo da investigación e para a sociedade en xeral desta información cultural unha vez xeorreferenciada e normativizada.

**DAS PEGADAS PERROMANAS Á ÁRABE.** "O topónimo que lle dá nome ao concello e unha das súas parroquias procede do latín TRIA CASTELLA, que significa 'tres castelos'. TRIA é o plural neutro do numeral tres e CASTELLA é o plural neutro de CASTELLUM < CASTRUM 'castro'. Polo tanto, fai referencia á existencia de 'tres castriños' neste territorio", detalla Vicente Feijoo. En canto á orixe, é posiblemente altomedieval, xa que se rexistra por primeira vez nun documento do mosteiro de Samos do ano 922.

O público asistente á charla puido coñecer tamén o significado dos topónimos das outras sete parroquias de Triacastela e de distintos lugares, algúns deles de orixe prerromana. É o caso de San Breixo da Balsa. Balsa é unha voz prerromana co significado de depresión ou oco no terreo que se enche de auga, se ben a parroquia en cuestión debeu de fundarse a finais do século X, pois no ano 1002 foi doada a Samos polos fundadores, que trouxeran as reliquias de San Breixo para unha pequena explotación agrícola (villae en latín) chamada Baldomar situada neste territorio.

A parroquia de Lamas do Biduedo ten tamén orixe perromana no primeiro elemento do seu nome, o substantivo lama, moi presente na toponimia de Galicia; mentres que o segundo, procedente do latín BETULLETU, é un exemplo dos tamén abondosos fitotopónimos, aqueles nomes de lugares que derivan de vexetais, e que adoitan indicar a presenza no lugar das plantas que mencionan ou a súa explotación humana.

Moitos outros topónimos de Triacastela, coma no resto de Galicia, teñen orixe latina, pero na toponimia galega tamén se atopan pegadas árabes, coma o nome da parroquia de Santalla de Alfoz. O seu segundo elemento, alfoz, é un termo común de orixe árabe definido no dicionario da RAG como territorio que depende dunha cidade ou dun castelo.

En canto á parroquia de Toldaos, todos os expertos en toponimia interpretan este nome como un xentilicio derivado do latín TOLETANUS, que designa a xente procedente de Toledo. Sendo así, é ben probable que o primeiro asentamento nesta parroquia fose construído por unha ou varias familias procedentes desta localidade manchega, apunta Vicente Feijoo.


*Recuncho de peregrinos*

## Escolares de Triacastela recibiron unha charla sobre natureza e pesca sostible


*Un momento da charla sobre pesca sostible*

Continúa a aposta por achegar o mundo da pesca fluvial aos nenos e nenas galegos a través da iniciativa escolas de río, unha das principais novidades introducidas pola Lei de pesca continental de Galicia para interesar ás novas xeracións por esta actividade e garantir así a remuda xeracional.

Precisamente con este fin a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, acompañada pola alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, visitou o CEIP Eduardo Cela Vila para participar nunha actividade didáctica promovida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co fin de divulgar entre o seu alumnado os valores medioambientais asociados á práctica da pesca deportiva.

O catro veces campión do mundo de pesca de salmónidos mosca, o coruñés David Arcay —que este verán se alzou coa medalla de bronce en categoría individual e por equipos no mundial de Finlandia— foi o encargado de dirixir toda a actividade, que comezou cunha charla sobre natureza e pesca sostible dirixida ao alumnado de Primaria.

A directora xeral, pola súa parte, destacou que os pescadores son unha peza clave e imprescindible no coidado e conservación dos ríos e dos espazos naturais que os rodean. Na mesma liña, subliñou que a mocidade ten por diante unha gran responsabilidade no que respecta á súa conservación, polo que garantir a súa formación e un coñecemento profundo dos espazos fluviais resulta clave para que poidan cumprir con este cometido.

Os actos organizados no CEIP de Triacastela remataron cunha exhibición de lance a mosca a cargo do propio David Arcay, unha clase maxistral que se levou a cabo no pabillón do propio colexio e contou coa participación de todo o alumnado.

Grazas á posta en marcha das escolas de río, os nenos e nenas galegos teñen ocasión de coñecer os ecosistemas acuáticos, a fauna e flora fluviais, así como aprender a protexer e identificar os ríos como sinal de identidade de Galicia que hai que preservar.

Nese sentido, do Campo agradeceu poder contar nesta iniciativa coa implicación dunha figura coa traxectoria de David Arcay, todo un referente no mundo da pesca deportiva a nivel galego e internacional e un firme defensor do modelo de pesca sostible.



# DEPUTACIÓN

## Entregados os premios á excelencia do turismo e a hostalería




*Entrega dos premios*

O Salón de Actos da Deputación de Lugo acolleu a entrega dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense deste ano 2021.
As cinco entidades premiadas recibiron un diploma e unha peza de cerámica de Gundivós, que acreditan este recoñecemento realizado dende o Consello Provincial de Turismo, un órgano consultivo e de participación para favorecer a gobernanza turística da provincia.
Na categoría Lugo Cambia ao turismo lucense, o xurado acordou distinguir aos seguintes catro proxectos turísticos e entidades: o Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel , a páxina web Terras de Burón, o Concello de Viveiro e a Aldea de Turismo Rural O Mazo, no Courel.
Polo que respecta á categoría ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense, foi galardoada a Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (Asoporcel) polo seu traballo de recuperación e conservación da única raza porcina autóctona de Galicia, predominante a primeiros do século XX, pero que pasou a ser unha actividade residual. Na actualidade, esta entidade traballa para a preservación do patrimonio xenético desta raza, compatibilizándoa como unha alternativa á produción.

## Vestas, a residencia de Pantón e o transporte escolar centran o Pleno

A Deputación aproba pedir á Xunta medidas de apoio para os traballadores de Vestas e un plan de reindustrialización para A Mariña ao mesmo tempo que aproba unha proposta do PSdeG na que se insta ao Executivo galego contratar profesorado de reforzo polas necesidades da pandemia, que se resolvan os concursos do transporte escolar, e que se garantan os servizos educativos no rural. Finalmente foi para adiante o convenio para construír o Centro de Atención a Maiores de Pantón por 1,7M€.
Deste modo, pedirase á Xunta de Galicia que exerza as súas competencias e que impulse medidas de apoio para os traballadores e traballadoras afectados polo anuncio de Vestas de pechar a planta de Viveiro, así como un plan de reindustrialización para a comarca da Mariña con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados. A proposta foi plantexada polo PSdeG, e recibiu o apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.



*O equipo de Goberno entrando ao Pleno*

**MELLORAS EN EDUCACIÓN.** O Pleno tamén aprobou unha proposta socialista para instar á Xunta melloras no ámbito educativo que garantan un servizo público acorde á situación sanitaria e que sexa igualitario no rural galego. Unha iniciativa que saíu adiante cos votos a favor de PSdeG e BNG, e en contra do PPdeG.
A voceira provincial socialista, Pilar García Porto, afirmou que o presente curso comezou coas declaracións do Conselleiro de Educación comparando os datos de contratación do profesorado cos do 2019/2020. "Vergoña que esteamos nunha pandemia e que a Xunta reduza o número de profesorado con respecto ao ano pasado; vergoña que os colexios do rural sufran máis pola falta de docentes; vergoña que se volva a atacar aos servizos públicos no rural, discriminando aos nenos e nenas galegas polo seu lugar de residencia", indicou.
"Hoxe hai 625 docentes menos que no curso anterior, o que prexudica á educación pública, mentres que outras comunidades autónomas aumentaron ata o 68% o número de docentes", subliñou García Porto.
"No IES de Becerreá, a Xunta quere suprimir aquelas materias que teñen unha matrícula baixa, como é o caso de Francés; no CEIP das Nogais, todo o alumnado de Educación Primaria está integrado nunha única aula de 13 alumnos e alumnas; ou o que acontece no IES Lamas das Quendas de Chantada, onde a veciñanza ten iniciada unha mobilización pola redución de sete docentes", dixo. Con respecto ao colexio de Baamonde, a deputada lembrou a situación das familias de Begonte que non teñen transporte escolar nas paradas que tiñan solicitado.

## Estreado o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro.
As primeiras entidades beneficiarias, a Asociación de Veciños de Ombreiro Río Miño e a Asociación Carpe Diem de Lugo, coñeceron a costa de Barreiros e Ribadeo, e os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, respectivamente. As actividades inclúen tamén unha visita a instalacións provinciais que se converten en puntos de partida das viaxes. Na primeira xornada, as asociacións coñeceron a historia do Pazo de San Marcos e o funcionamento da Granxa Gayoso Castro, en Castro de Rei.
O presidente recibiu no Salón de Actos á primeira asociación que visitou a sede da institución provincial, onde destacou a gran acollida do Coñece a túa Provincia, que recibiu 143 solicitudes para 62 viaxes dispoñibles, unha alta demanda que "demostra que acertamos con esta proposta e que debe ter continuidade".
Neste sentido, José Tomé lembrou que Coñece a túa provincia é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución, froito do compromiso do Goberno de "axudar na recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia, como son o turismo, a hostalería e o comercio local". Sen embargo, esta iniciativa naceu tamén cun obxectivo máis a longo prazo, "para seguir consolidando o modelo de turismo polo que apostamos, un turismo de calidade, sostible, non masificado, que pon en valor o patrimonio e que crea emprego, sobre todo no rural".
As viaxes realizaranse dende este martes, 14 de setembro, ata o 10 de novembro en días laborables. Os itinerarios deseñados percorren o patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico da provincia de Lugo. A primeira parada realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Produción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.
O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia.

## En marcha un proxecto ao redor do acordeón diatónico

A Deputación pon en marcha un proxecto audiovisual para difundir os contidos do Cancioneiro Galego para Acordeón Diatónico. De Botóns e poñer en valor os espazos xestionados pola institución provincial como son a Rede Museística, o Centro de Artesanía e Deseño e o propio Pazo de San Marcos como espazos culturais e abertos á cidadanía.
Ugía Pedreira, Davide Salvado, Noemí Basanta, Germán Díaz, Brais Monjardín e Vazmin Yukhnevich están a gravar vídeos musicais interpretando algunhas pezas recollidas na publicación nos emprazamentos citados, acompañados polos seus autores, e músicos, Carlos Quintá e Pedro Pascual. O traballo de rodaxe estívose a desenvolver no Museo do Mar de San Cibrao, no xardín do Pazo de San Marcos e en San Paio de Narla. E continuará no Museo de Lugo, no Centro de Artesanía e Deseño e no Pazo de Tor.



*Presentación do proxecto*

Ugía Pedreira interpreta no Museo do Mar de San Cibrao unha composición de Dorothé Schubart mentras que e o xardín da Deputación de Lugo será o escenario no que Davide Salvado achegue unha peza de recollida popular, *Manolo mío*.

# AGRO

## Comunidades de montes poden pedir axudas para actividades de pastoreo

Foi presentado na Deputación o programa O que non arde, dirixido a contribuír á prevención e defensa contra os incendios forestais e a apoiar a xestión integral dos montes. Na anualidade 2021, o plan oriéntase ao fomento das actividades de silvicultura nas comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) a fin de reducir a elevada cantidade de biomasa existente nos montes e aminorar o risco de lumes asociado.

Así, ponse en marcha unha convocatoria dirixida ás comunidades de montes veciñais en man común, que poden solicitar a axudas en dous ámbitos, para a promoción de actividades silvopastorís con gandeiría extensiva no ámbito de influencia das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, e para a elaboración, por parte dun técnico competente, dun plan de aproveitamento silvopastoril, para a regulación de dito aproveitamento e a inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo, ou para a súa inclusión dentro dun proxecto de ordenación.

Ademais, aqueles solicitantes de axudas enmarcadas nalgunhas das actuacións incluídas nos dous eixos anteriores poderán solicitar axudas destinadas á investigación da propiedade, resolución de discrepancias catastrais, e outras de natureza semellante que repercutan na mellora organizativa e estrutural da CMVMC, no senso de contribuír á elaboración exacta da planimetría destinada á determinación dos límites do monte comunal.

Poderán ser beneficiarias das ditas axudas as CMVMC da provincia de Lugo cuxos montes estean inscritos no Rexistro Xeral, e que velen pola defensa contra os incendios forestais mediante o aproveitamento do monte con pastoreo en extensivo.

No caso de arrendamento total ou parcial do monte, ou cesión parcial do mesmo para o seu aproveitamento individual por parte dalgúns comuneiros, para a realización dun aproveitamento de pastos por gando en extensivo, os arrendatarios e comuneiros poderán acollerse ao programa.

As axudas, convocadas en réxime de concorrencia competitiva e cun orzamento total de 60.000 euros, poden solicitarse ata o vindeiro 28 de outubro.

ELISARDO BARCALA




## Convocan as axudas para fomento da maquinaria agrícola en réxime asociativo

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde da Consellería do Medio Rural pola que se convocan as axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as cooperativas agrarias, as cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA), as cooperativas de explotación comunitaria da terra ou as sociedades agrarias de transformación.

O obxectivo destas subvencións é promover o uso de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo, impulsar a introdución de novas tecnoloxías no seu emprego e racionalizar os custos de mecanización. Outras finalidades pasan por incrementar os mecanismos de seguridade no traballo, reducir as emisións contaminantes e promover o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no rural galego.

As axudas apoian, en concreto, os custos de adquisición de maquinaria agrícola e os estudos técnicos-económicos de viabilidade daquelas entidades asociativas do sector agrario que queiran dar servizo aos seus socios a través deste sistema que permite compartir a maquinaria.

Os interesados nestas axudas contan cun mes de prazo para solicitalas .

## PSOE e BNG demandan á Xunta intervención na loita contra o lobo



*Concentración contra o lobo*

Os socialistas sumáronse á protesta convocada por UUAA, para esixir á Xunta de Galicia que interveña diante da ameaza que supoñen os ataques do lobo na Mariña Lucense.

"Nestes intres existe un grave problema de convivencia persoal co lobo na comarca da Mariña, e en determinados municipios é preocupante, por iso debemos traballar dende todas as institucións para impulsar unha solución que permita a conservación do lobo, pero tamén o respecto ás familias e ás explotacións desta comarca", dixo Otero.

"Entendemos que a nova normativa que inclúe o lobo na lista de especies protexidas debe ter en conta a poboación de lobos por territorios, pero para iso, a Xunta e o Goberno de Feijóo teñen que asumir dunha vez por todas as súas competencias e lexislar e incluír un censo de lobos", insiste.

Por outra banda, os deputados do grupo parlamentario do BNG presentaron a proposición non de lei que levaron ao Parlamento para achegar solucións aos problemas orixinados na gandaría de montaña pola fauna salvaxe e que será debatida este venres. Na presentación estiveron tamén concelleiras e concelleiros do BNG na Mariña e membros da dirección comarcal.

Desde a organización nacionalista afirman que a Xunta reacciona tarde e mal diante dos problemas que está sufrindo a gandaría polos ataques da fauna salvaxe.

## Ameaza dos gandeiros con volver sacar os tractores á rúa ante a subida da produción do leite



A asociación de gandeiros e gandeiras Agromuralla, que reúne a centos de gandeiros das provincias de Lugo e A Coruña, ameaza con saír cos tractores á rúa ante a "situación insostible" que viven os produtores de leite como consecuencia da "suba desmesurada" dos custos de produción. "Este ano, desde o mes de xaneiro, o que nos custa producir disparouse, coas subas actuais no recibo da luz e o gasóleo e o incremento que se está danto nos pensos e as materias primas, pero o que nos pagan polo leite non se moveu e non nos dá para pagar os gastos, polo que estamos perdendo cartos todos os meses", asegura o presidente de Agromuralla, José Luis Pérez Barreiro, que esixe ás Administracións "medidas urxentes inmediatas para garantir un prezo digno e xusto aos produtores de leite que evite o peche das explotacións".

O novo presidente de Agromuralla vén de solicitar unha reunión coa subdelegada do Goberno para que traslade cal é a situación ao Ministerio e advirte de que "se non se toman medidas os tractores sairán á rúa porque a situación é insostible".

**PREZO DO LEITE.** A asociación Agromuralla, que xurdiu a raíz das tractoradas arredor da Muralla de Lugo levadas a cabo a finais de 2015 en protesta polos baixos prezos do leite, explica que "o prezo do leite leva anos conxelado mentras os custos de produción non deixaron de medrar, especialmente neste último ano" e lembra que "a Ley da Cadea Alimentaria aprobada polo Ministerio de Agricultura obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos".

# DEPORTES

# Un club con historia na vila

**Xabier López-Acevedo Río é o actual presidente do Club Baloncesto Sarria e comenta a actual situación do colectivo e os obxectivos que perseguen**







*O equipo técnico, unha xogada e o equipo feminino*

O Club Baloncesto Sarria continúa sendo un dos referentes deportivos da vila e na provincia de Lugo. O club sarriao naceu en 1987, sen embargo e, como sinala o presidente do club Xabier López-Acevedo, o baloncesto sempre foi un deporte que tivo moito éxito en Sarria, polo que xa antes existía unha gran afección por esta disciplina.

Dende o club defínense coma un club de formación que ten coma obxectivo promocionar o deporte e, sobre todo, o baloncesto na comarca de Sarria. Por esta razón, o máis valorado son os equipos de formación e os colexios, onde tamén sacan equipos.

Así pois, despois de 34 anos, o club foi crecendo e engadindo diferentes categorías, tanto femininas coma masculinas, para que os nenos e nenas de todas as idades de Sarria tiveran a oportunidade de practicar este deporte.

Na actualidade, a evolución foi tal que o club conta con 220 rapaces e rapazas. Desta maneira, o CB Sarria ten equipos en todas as categorías masculinas e femininas a excepción da sénior feminina. Por tanto, este ano, os equipos que hai son once: en categoría benxamín, alevín, infantil, cadete, júnior e sénior; tanto feminina como masculina a excepción de esta última como xa se mencionou anteriormente.

Aínda así, como sinala López-Acevedo é unha cuestión de tempo que se cree este equipo sénior feminino, que daría saída a todas as xogadoras da base que rematan júnior.

No caso do sénior masculino, actualmente, ten coma obxectivo darlle saída á canteira. “É un sénior con xente de Sarria, xente da canteira que é moi nova. A media de idade son 20 anos, polo que o principal obxectivo é ese, darlle saída aos rapaces”, comenta o presidente.

Por outra beira, hai que destacar que o club, a pesar de pertencer a unha vila de tamaño medio, conta cun número importante de xogadores e xogadoras e, segundo Xabier, non hai problemas para encontrar nenos e nenas que queiran participar neste deporte, polo que se pode dicir que a resposta adoita ser bastante boa. No caso do sénior masculino remata sendo máis complicado, “porque normalmente vanse a estudar a fóra e aí xa temos algo máis de problema”.

En canto a adestradores, o club sinala que é un aspecto que tamén se convirte en algo máis complexo pero que, sen embargo, sempre se acaban atopando. De feito, actualmente hai dez adestradores e, catro deles, teñen o título de adestrador de liga nacional. Ademais deles, o club tamén conta con monitores que se encargan na súa maior parte dos equipos dos colexios “temos tamén unha canteira de adestradores”.

**O CB Sarria forma parte das escolas deportivas de Sarria e está presente nos distintos colexios**

Outro dos aspectos que se valoran dende o club é o tema da afección que, a pesar de que coa pandemia se volveu máis difícil o feito de poder asistir a eventos en sitios pechados, a xente segue a ter gañas de ir aos partidos e volver a encher o pavillón municipal O Chanto. Actualmente, a causa da situación sanitaria, é preciso un rexistro de persoas e, no último partido, chegaron 110 espectadores para gozar do encontro, ademais dos xogadores; algo que valoran de maneira positiva dende o club.

**PARTICIPACIÓN NOS COLEXIOS.** O CB Sarria forma parte das escolas deportivas de Sarria, polo que, ademais do propio club, tamén se atopa en diferentes colexios da comarca como actividade extraescolar.

En Sarria, o club atópase nos tres colexios de primaria que hai: na Merced, na Asunción e no Frei Luis de Granada. Así mesmo, tamén se atopan nos colexios de outros Concellos coma no Incio, no Oural e en Paradela; aínda que en este último depende dos nenos e nenas que se apunten, polo que non adoita haber equipo todos os anos. Ademais, dende o club queren continuar crecendo e chegando a outros colexios da contorna como o da Pobra de San Xiao.

Así mesmo, grazas a isto, as categorías superiores poden contar con xogadores de outros concellos ademais de Sarria, aínda que a maioría sexan de este último.

Por outra beira, o club tamén divide en categorías aos nenos e nenas dos colexios, xa que senón habería moita diferencia duns nenos aos outros. Así pois, os máis pequenos son os de 4 a 5 anos que pertencen á categoría de predeporte ou psicomotricidade. Xa en primaria, as categorías distínguense cada dous anos: os de primeiro e segundo de primaria son baby basket, os de terceiro e cuarto de primaria son premini e os de quinto e sexto de primaria son mini. Desta maneira, a diferencia de idade para competir é pequena.

**UNHA TEMPADA POSITIVA.** Outra cuestión que hai que destacar é a tempada pasada na cal, a pesar de que a competición comezou máis tarde do normal, os nenos e nenas de diferentes categorías puideron gozar de encontros e de adestramentos para volver a retomar pouco a pouco a normalidade.

Ademais, tres dos equipos do CB Sarria disputaron a fase de ascenso a liga galega: o cadete feminino, o cadete masculino e o júnior masculino. Os equipos masculinos caeron na fase de grupos e, polo seu lado, o cadete feminino perdeu na fase final de ascenso contra o Celta Baloncesto Feminino.

Por esta razón e, a pesar de que os ascensos non chegaran a cumprirse, as sensacións foron boas e, tanto xogadores e xogadoras coma afección, puideron gozar dos partidos de Sarria nestes meses de setembro e outubro.



*O conxunto na final de ascenso*

## O cadete feminino cae na final de ascenso á liga galega

O pavillón Fontiñas en Santiago de Compostela acolleu o pasado sábado a final de ascenso a liga galega cadete feminina onde o Castro Agrasar CB Sarria caeu derrotado contra o Miralba Celta.

Desta maneira, o equipo vigués conseguiu a vitoria nun partido no que o CB Sarria buscou a vitoria en todo momento. Así pois, o equipo sarriao despídese do ascenso despois dunha boa fase de grupos onde quedaron primeiras.

Xunto a elas, o equipo cadete e o equipo júnior masculino do CB Sarria tamén quedaron eliminados nas fases de ascenso a liga galega, deixando uns partidos nos que se competiu e se puido gozar deste deporte base.

# A SD Sarriana comeza a nova tempada de forma positiva

A SD Sarriana comezou con bo pé esta nova tempada 2021-2022. O equipo sarriao, que o ano pasado estivo a un gol de converterse en equipo de terceira división, iniciou con dous resultados positivos esta nova campaña na que se prevé emoción e resultados axustados.

Este ano, a diferencia do pasado no que a liga comezou tarde e onde houbo unha redistribución de equipos, a competición Preferente Galicia – Norte está formada por trece clubs que xogarán 26 xornadas. Unha liga longa onde primará a constancia, o bo facer e a experiencia de moitos dos xogadores que xa levan nesta categoría moitos anos.

A SD Sarriana, pola súa parte, puido gozar de dous resultados positivos nestas dúas xornadas disputadas. Por un lado, no primeiro partido, venceu no estadio municipal A Ribela por 2-1 con goles de Gerardo e de Diego Torres. No segundo partido, pola súa beira, o resultado foi de 0-2 contra o Lemos na Pinguela, con goles de Oscar Rivas e Julio Camba.

Desta maneira, hai que destacar a adaptación que teñen as diferentes fichaxes do club o pasado verán, que aportan equilibrio e calidade, a un equipo completo e con aspiracións de mellorar a pasada campaña.

# O billarista Juan Pedro Durán está no Campionato de Europa

O billarista sarriao Juan Pedro Durán, Gussy, é un dos 4 compoñentes da selección española nos próximos Campionatos de Europa de Snooker que se celebran na localidade portuguesa de Albufeira.

Así pois, a competición, que comezou o pasado 2 de outubro, rematará o vindeiro día 17 deste mes. No caso de Durán, comezou a competición o mércores día 6 na modalidade de 6 red e, a continuación, seguirá en absoluta e en sénior.



*Juan Pedro Durán, nunha das súas partidas*

Por outra beira, estes campionatos conteñen tamén categorías sub 18, sub 21, feminino e equipos cunha participación de máis de 200 xogadores.

Hai que destacar que o xogador sarriao estivo o pasado mes de maio no torneo Q School en Sheffield, ademais de ser o único xogador español na Copa do Mundo de Chinese 8 ball, na que alcanzou o pasado ano 2019 a sexta plaza no ránking europeo.

Gussy ten experiencia xogando a un alto nivel con medallas e recoñecementos en campionatos a nivel galego e español, sendo unha gran referencia nesta disciplina.

# Os Meigallos FS conta este ano con catro equipos en liga galega


*O adestrador, nun dos partidos da pasada tempada*

Os Meigallos FS continúa a súa andaina nas diferentes categorías nesta tempada 2021-2022. Despois do pasado ano, no que moitas das ligas comezaron nunhas datas pouco habituais e cun calendario máis pequeno do normal, a situación empeza a retomar a normalidade.

No caso dos Meigallos FS, xa son tres os equipos que comezaron a liga. Primeiro fixérono o fin de semana do 18 e 19 de setembro o equipo cadete e o equipo xuvenil, ambos de liga galega para que, ao fin de semana seguinte, o do 25 e 26, o fixera o equipo infantil, tamén de liga galega.

Grazas a isto, o pavillón municipal O Chanto volveu retomar a súa actividade en canto a partidos de fútbol sala e, a pesar de que aínda non se puido celebrar ningún partido co aforo ao 100%, a afección responde nestes partidos.

Hai que lembrar que este ano, o club sarriao conta con catro equipos en liga galega entre os que se atopan o equipo infantil, o equipo cadete, o equipo xuvenil e o equipo sénior. Este último aínda non comezou a súa respectiva liga, na que tamén se atopan equipos como o IM Galical Rábade FS, o Coviran Quiroga FS, o Castroverde FS ou o CP Casás.

Así pois, a competición de Preferente Galicia FS, según a resolución da Real Federación Galega de Fútbol (RFGF), empezará o vindeiro 17 de outubro coa disputa da xornada 3 e co protocolo sanitaria vixente nese momento. Ademais, a xornada 1 e 2 quedarán suspendidas e pasarán a xogarse o 5 de decembro e o 6 de xaneiro respectivamente. Pola súa parte, estas datas poderán ser modificadas se así o acordan os clubs, segundo o reglamentariamente disposto.

# TELÉFONOS DE INTERESE

**LÁNCARA**

| | |
|---|---|
| Concello: | 982 54 30 77 |
| Garda Civil: | 982 54 31 47 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 54 30 39 |

**PARADELA**

| | |
|---|---|
| Concello: | 982 54 11 01 |
| Garda Civil: | 982 53 04 74 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 54 11 97 |

**SARRIA**

| | |
|---|---|
| Concello: | 982 53 50 00 |
| Policía Local: | 982 53 08 50 |
| Garda Civil: | 982 53 04 74 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 53 21 11 |
| | 982 53 21 12 / 982 53 21 13 |

**SAMOS**

| | |
|---|---|
| Concello: | 982 54 60 02 |
| Garda Civil: | 982 54 60 08 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 54 70 02 |

**O INCIO**

| | |
|---|---|
| Concello: | 982 42 70 14 |
| Garda Civil: | 982 42 00 46 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 42 70 77 |

**TELÉFONOS DE INTERESE**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Emerxencias: | 112 | Incendios Forestais: | 085 |
| Urxencias Sanitarias: | 061 | Garda Civil: | 062 |

**TRIACASTELA**

| | |
|---|---|
| Concello: | 982 54 81 47 |
| Garda Civil: | 982 54 60 08 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 54 80 18 |

SARRIAXA
Teléfono 661 464 323 redaccion@sarriaxa.com
Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.
Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021
Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

# COLABORACIÓNS

## Unha asalariada

COA NOSA VOZ



*Pablo Veiga*

*Unha asalariada... do pobo alemán. Foi esa a definición coa que a todo poderosa Angela Dorothea Merkel se refería a si mesma, a cal, despois de dezaseis anos, deixará o poder, sendo a partir das eleccións lexislativas do último domingo de setembro un novo parlamento quen escolla a persoa que lidere o xigante europeo, Alemaña, nos vindeiros tempos.*

*Nesta columna, o habitual é que se faga referencia a aspectos, historias e personaxes propios ou próximos ao noso entorno, buscando a relación directa ou indirecta coa Chaira. Mais nesta ocasión, permítaseme dedicarlle o artigo a unha das políticas europeas máis significativas e que deixan unha pegada que ninguén pode obviar.*

*Merkel criouse na coñecida como R.D.A., a Alemaña comunista que quedou baixo a órbita soviética tra-la segunda guerra mundial, afacéndose e adaptándose á rigorosidade do réxime. Unha vez caído o Muro de Berlín e a raíz da posterior unificación do Oeste e Leste nun só estado, comezaría a súa carreira política, primeiro como ministra e logo de vencer nas eleccións do ano dous mil cinco, como xefa do goberno.*

*Como todo personaxe dedicado á cousa pública e despois dun período de tempo tan longo, existen valoracións para tódolos gustos, pero en xeral o seu legado está a ser loubado e recoñecido. Ela destacou entre o resto de mandatarios, sendo quen –na maior parte das ocasións- de levar a iniciativa. Sempre estivo en primeira liña, sen esconderse en crises importantes como a dos refuxiados chegados de Siria, Iraque e doutros lugares onde se estaban a cometer auténticas atrocidades. Merkel, a diferenza doutros estados membros da Unión Europea, incluído o noso, si deu un paso á fronte e abriu a man para que varios centos de miles deses homes, mulleres e nenos se asentasen en Alemaña, a pesares da controversia xerada e do desafío que esa decisión levaba consigo. Distinguiuse de moitos dos seus colegas, onde a escaseza de visión de futuro dificultáballes mirar máis aló de catro anos vista, porque sabía moi ben que Alemaña precisará de man de obra traballadora para facer viable unha sociedade que tamén acusa o fenómeno do avellentamento. Soubo como ninguén marcar territorio contra actitudes xenófobas e racistas, cortando de raíz calquera aproximación a posturas intransixentes daqueles grupos que anhelan voltar a un pasado que se caracterizou pola intolerancia e que tan só causou dolor e destrución. Tampouco dubidou en botarlle un pulso a ese excéntrico que había de presidente nos Estados Unidos; aquela famosa fotografía dos líderes mundiais entorno a unha mesa, onde era ela quen trataba de convecer a Trump pasará á Historia. E foi capaz de gobernar cos seus rivais directos.*



*Angela Merkel predicou co exemplo no seu estilo de vida. A imaxe que transmitía coa súa vestimenta, facendo ela mesma a compra no supermercado e vivindo no seu propio domicilio, contribuiu a consolidar ese liderazgo no conxunto de Europa.*

*Moitos dirixentes, actuais e futuros, das diversas ideoloxías, teñen un espello no que mirarse. Abofé que se botará en falta a esta asalariada do pobo alemán.*

## Beleza contraditoria

CULTURA E MÚSICA



*Rebeca Maseda*

*Somos nada, un graniño de area perdido no deserto, un organismo planctónico flotando na inmensidade do océano, pero aínda así, os seres humanos pensamos que podemos dominar o mundo. Teño gravadas na retina as imaxes da erupción do volcán "Cumbre Vieja" da Illa da Palma, tremendo espectáculo, fermoso e aterrador ao mesmo tempo. Non me podo nin imaxinar o medo e o estupor que deberon sentir os nosos queridos veciños da Palma cando o chan comezou a tremer e o volcán a ruxir, escupindo linguas de lava no medio da rocha fundida: ¿Estaremos ante a fin do mundo, a apocalipse? Preguntas perfectamente lóxicas ante o que podería ser a boca do inferno descrito por Dante na súa Divina Comedia...*

*A ansia do ser humano por dominar os elementos da Natureza remóntase a tempos inmemoriais. Certo é que a revolución tecnolóxica tan exponencial na que estamos inmersos é realmente abafante e pode ata facernos dubidar do poder absoluto que os catro elementos da Natureza -auga, terra, lume e aire- exercen sobre as nosas vidas. Son indomables, non teñen dona nin dono e non piden permiso cando irrompen con forza de xeito inesperado, deixando pegadas de destrución ao seu paso. Dramático, sí, pero fascinante á súa vez.*

*Dentro da mitoloxía grega atopamos ao titán Prometeo -fillo de Japeto e a oceánide Clímenequen viaxa ata Lemnos, residencia do deus Hefesto, para roubar parte do lume divino que iluminaba a fragua deste Deus. Toda unha proeza destinada a axudar aos Humanos, castigados por Zeus ao retorno dunha vida salvaxe como acto de vinganza polo engano de Prometeo. Lamentablemente isto non logrou calmar a ira de Zeus: preso de cólera ordena encadear a Prometeo no Cáucaso, onde unha*



*aguia lle devoraba diariamente o fígado. Por riba, cada noite volvía reproducírselle polo que a tortura era constante. Afortunadamente parece ser que Hércules liberouno de tan arrepiante destino cando completaba os seus "Doce Traballos".*

*O mito de Prometeo gozou de diversas interpretacións ao longo da historia da cultura occidental. Dende unha figura protectora e civilizadora en prol da Humanidade frente aos Deuses, pasando por arquetipo romántico e rebelde que desafía a Deuses e Natureza ou incluso como figura funesta sinónimo de sufrimento e destrución. Falamos dun elemento referencial, fonte de inspiración inesgotable para todo tipo de artistas ao longo da historia. Existen múltiples e variadas obras de arte froito da fascinación polo mito de Prometeo. Probablemente unha das máis famosas e recoñecidas sexa a pintura realizada por Rubens, un dos máis grandes pintores da escola flamenca, pero non foi o único. José de Ribera, Jan Cossiers ou Heinrich Friedrich Füger tamén nos deixaron a súa propia visión de Prometeo.*

*No ámbito musical quixera mencionar tres exemplos moi representativos. O primeiro deles é o ballet composto por L.van Beethoven: "Die Geschöpfe des Prometheus" -"As criaturas de Prometeo"-. Escrita en 1801 e estreada no Burgtheater de Viena, a obra consta de dous actos, sendo a abertura o movemento máis interpretado actualmente nas salas de concerto. Ademais varios temas do ballet foron utilizados posteriormente por Beethoven noutras obras tan importantes como a Primeira Sinfonía, a Terceira Sinfonía "Heroica" ou as "15 Variacións con fuga para piano – Eroica Variationen".*

*Outros dous exemplos de "Prometeos musicais" son os poemas sinfónicos compostos por Franz Liszt -escrito en 1850 e revisado en 1855- e Alexander Scriabin -escrito entre 1909 e 1910-, dúas obras de gran complexidade harmónica e formal.*

*Sentirnos marabillados e á vez temorosos ante os fenómenos da Natureza responde a un instinto natural do ser humano. A forza dun volcán ou a inmensidade dunha selva son realidades que merecen todo o noso respecto e capacidade de estudo, sempre co obxectivo de acadar unha maior comprensión do medio que nos rodea pero xamais con ansias de dominación, porque, teñámolo claro, somos un elemento máis da ecuación, non o centro da mesma.*

# Roma

## SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

*Tobias Baumgaertner gañou os “Ocean Photography Awards 2020” por capturar a imaxe de dous pingüíns viúvos. Unha femia á que lle morrera a parella facía un ano e un macho máis noviño que perdera á súa compañeira xa facía tres anos. Os biólogos levaban un tempo seguindo a esta peculiar parella ata que descubriron que se atopaban polas noites para consolárense mutuamente. Reuníanse polas noites para observaren durante horas as luces da cidade e unha aperta fotografiada entre os dous animais foi a merecedora de tal galardón. Coido que o que gañou foi o amor, que sempre debera vencer, o amor que ámbolos dous sentían polos compañeiros que agora lles faltaban. Dise que o amor sempre mellor que sobre a que falte, pero eu son das que pensan que é dun material tan delicadísimo, que o mellor é atopalo na súa xusta medida. O amor para min é desas cousas tan fortes que moito doe e pouco non abonda.*

*Di Xacobe Pato que hai dúas clases de amores: os correspondidos e os que non, cunha división que segundo el nos vén imposta e aclara, non é que xa non poidamos escoller quen nos quere, senón que aínda menos a quen queremos nós. Fálase moito de que unha banalización da sexualidade está a facer cada vez máis difícil a procura do amor, pero non estou nin pouco nin moito de acordo con esta sentenza. Os que nos estamos a confundir somos nós, coma de costume. Amores hainos, coma as meigas. E coido que o que estamos é a mesturar conceptos, a chamarlle amor a cousas que non o son e nin tan sequera se lle asemellan. Eu, que pode que non saiba o que é o amor, si teño moi claro o que non o é. E ollo, non estou a dicir con isto que a dúbida signifique que algo non é amor. Para min dubidar é algo moi racional, proba disto é que a boa científica non é a que da boas respostas senón a que fai boas preguntas. E isto vén a colación dunha conversa entre amigas, A. compartiu con nós unha pequeniña ferida na alma, non estaba segura de estar nunha relación plena. Axiña se apresuraron a escribirlle que se dubidaba xa sabía a resposta, que as dúbidas significaban que non. Que aí non era o seu sitio. Pero a miña avoa todos os días dun matrimonio de máis de corenta anos se preguntaba por que casara co avó, e non coñezo amor máis puro cao que se profesaban. Porque ata niso estou de acordo con X.P., decidir non odiar é coma decidir non amar, unha perda substancial de tempo. Amar a alguén non é buscar sentirse ben cando estás coa outra persoa, iso non é máis ca unha vertente do egoísmo. Amar di C. que é cruzar sen mirar, darlle a alguén o poder de facerche dano e confiar en que non o vai a facer. Crer en que vai*



*a facer xusto o contrario e ademais o vai a conseguir. Amar é sentar as bases dalgo sólido, algo tan firme que pode botar a voar en calquera intre. Amar tamén é deixar ir, nalgunhas ocasións. Amor é que un señor de Viveiro de oitenta anos vaia ao salón de beleza que frecuentaba a súa muller agora en cadeira de rodas para aprender a maquillala agora que non ela non pode facelo. Amor é esa parella que estaban ao meu carón a semana pasada na sala de espera das analíticas de sangue, que non colleron o teléfono en todo o intre por mirar un do outro, por preocupárense por falar entre eles. E que triste que tanto a miña nai coma min, que estabamos alí, nos sorprendésemos diso, dalgo que se palpaba real, intanxible, pero ao que tan pouco estamos acostumadas. Se hai 97 formas de dicir quérote, coma no libro, debe haber novecentas formas de querer, e todas igualmente válidas. Porque hai que querer moito, pero sobre todo, querer ben e querer bonito.*

*Camiño do coche, pasaron unha exuberante parella cunha notable diferenza de idade, e eu dixen: “Ves, M., o amor non ten idade”, e meu tío contestoume, “idade non, filla, o que ten é carteira.” Por iso quero facer este alegato en pro do amor, pero do de verdade, non lle chamedes amor a calquera cousa, sede selectivas.*



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# O mosteiro da Magdalena de Sarria



Arriba, unha vista da fachada principal do Mosteiro e, á dereita, o claustro e un pasillo interior do mesmo





Sarria conta con numerosas edificacións de gran valor histórico e cultural, entre as que destacan as de carácter relixioso. Unha delas é o Mosteiro da Magdalena de Sarria, un edificio que, actualmente, funciona coma albergue relixioso para peregrinos do Camiño de Santiago e para turistas que visita a vila. De feito, esta nova funcionalidade adquiriuna a partir do ano 2012.

O mosteiro atópase preto do casco histórico da cidade e fundouse sobre o ano 1200, na mesma época que a vila de Sarria. Segundo a tradición, dise que foron dous italianos que volvían da súa peregrinación de Santiago, os que decidiron fundar un mosteiro e un hospital para atender a peregrinos. Ademais, o ano no que se conta coa primeira noticia documentada é o 1219.

Foron moitos os anos nos que o mosteiro estivo ocupado por monxes que, nun primeiro momento, seguían a regra de San Agustín. Sen embargo, xa no ano 1568 o mosteiro foi independente e constituíu o primeiro asentamento da Orde en Galicia.

Hai que destacar que o mosteiro se atopa no Camiño Francés e é a vía a Compostela máis recoñecida. De feito, a porta de entrada atópase no mesmo Camiño de Santiago e dende aí, pódese ver toda a vila de Sarria. Así mesmo, o mosteiro tamén destaca pola súa arquitectura característica e de gran valor histórico.

Esta edificación e as diferentes obras coas que se lle realizaron, foron financiadas a través de donacións da nobreza local, sobre todo por membros do clero e poñendo principal atención á orde de San Agustín.

Un exemplo de isto foi o caso de Nuño Álvarez de Guitián, mestre e canónico da catedral de Ourense que deixou no seu testamento, despois de ser atendido no mosteiro de Sarria, o orzamento necesario para moitas das obras da capela maior e da súa decoración. Outros dos grandes nobres nos que destaca o seu vínculo co mosteiro son os Condes de Lemos, que realizaron donacións ao mosteiro durante os séculos XVI e XVII.

**ARQUITECTURA DO MOSTEIRO.**

A arquitectura do mosteiro é de orixe románico, sen embargo, ao longo do século XIX realizáronse diferentes obras de reforma que deixaron a edificación practicamente co aspecto que ten hoxe en día. De feito, hai que ter en conta que non todas as partes se construíron ao mesmo tempo, polo que a variedade de estilos que o compoñen é importante.

Polo seu lado, a fachada actual do mosteiro, a torre campanario, algunhas das actuais dependencias e a fachada e pórtico principais -coñecidas coma Porta dos Carros-, foron construídas ao longo do século XVIII, empregándose un estilo barroco.

En canto á igrexa do mosteiro, conta cun templo de nave ampla, unha cuberta de madeira e con capelas absidiais. Esta é de orixe italiano e chegou a Galicia nos séculos XIV e XV a través dos franciscanos e dominicos.

Así mesmo, hai que destacar na construción o claustro procesional, unha pequena arquitectura de planta cadrada que ten dous corpos de altura e que se atopa no lado norte da nave da igrexa. Esta edificouse nas primeiras décadas do século XVI seguindo o estilo gótico, mentres que a planta superior foi en orixe unha obra clasista que se construíu entre finais do século XVI e comezos do XVII.

Finalmente, en canto ás obras renacentistas coñécense os nomes de varios dos artífices das mesmas, entre os que se atopan Pedro e Juan Rodríguez, dous mestres canteiros que se quedaron na vila de Sarria. Sen embargo, o nome máis importante en canto a este estilo é o dos arquitectos da fachada actual: José Cachafeiro Escudero -da torre das campás- e Fajardo -deixou unha inscrición que aínda é visible na edificación: Fajardo Fecit 1730-.